



Concello de Vigo
Expte. 5082/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 15/2024

SESIÓN ORDINARIA (agosto) DO 12 DE SETEMBRO DE 2025

ORDE DO DÍA

1. **Actas anteriores:** Ordinaria do 28 de xullo e extraordinaria do 11 de agosto de 2025.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

2. Informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro 2024 en aplicación do disposto no artigo 36 do Real Decreto 424/2017; dación de conta. Expediente 103044/140. (Expte. Pleno 5010/1101).
3. Informe resumo dos resultados do control interno do Exercicio 2024; dación de conta. Expte. 103029/140. (Expte. Pleno 5085/1101).

COMISIÓN INFORMATIVA DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

4. Modificación do proxecto de regulamento de organización e funcionamento da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo. Expediente 1849/1102 (Expte. Pleno 5011/1101).
5. Solicitud de compatibilidade laboral de empregada municipal. Expediente 47163/220 (Expte. Pleno 5062/1101).
6. Determinación dos festivos locais no termo municipal de Vigo para o ano 2026. Expediente Pleno 5068/1101.

Mocións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 1 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Moción do grupo municipal do BNG sobre a vaga de lumes forestais que asolou Galiza no mes de agosto e as medidas necesarias para evitar que se repita esta catástrofe mediante unha política de prevención e unha xestión integral do medio. Expte. 5089/1101.
8. Moción do grupo municipal do PP sobre a política aeroportuaria do goberno local e a decisión de Ryanair de abandonar Peinador. Expte. 5091/1101.
9. Moción do grupo municipal Socialista instando Xunta de Galicia a que asigne a Vigo a parte proporcional dos Fondos Europeos segundo poboación e ao porcentaxe do PIB que xera a cidade. Expte. 5092/1101.
10. Moción do grupo municipal Socialista relacionada con Vigo como sede oficial para a celebración do exame MIR. Expte. 5093/1101.
11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a cumprir coa integración no sistema público de Saúde da Unidade Asistencial CEDRO e outros acordos complementarios. Expte. 5094/1101.
12. Moción do grupo municipal Socialista esixíndolle á Xunta de Galicia a volta ao sistema de gratuidade dos libros de texto. Expte. 5095/1101.
13. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a reforzar o servizo sanitario nas Illas Cíes durante a tempada alta e outros acordos complementarios. Expte. 5096/1101.

PARTE DE CONTROL

Resolucións.

14. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/07/25 e o 18/08/25, incluídas no expediente Pleno 5065/1101.
15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 17/07/25 e o 18/08/25, incluídas no expediente Pleno 5066/1101.
16. **Formulación de rogos.**
17. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguar Castro, Yolanda

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 2 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Espinosa Mangana, Elena
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Caride Estévez, María José, concelleira do grupo municipal Socialista.
Estévez Rodríguez, Pablo Luis, concelleiro do grupo municipal Socialista

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos (09:30) do día doce de setembro do ano dous mil vinte e cinco (12/09/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

O Sr. Alcalde-Presidente expón que, de conformidade coa Xunta de Voceiros, os puntos 2 e 3 da orde do día, debateranse conxuntamente cuns tempos "extendidos". Por outra parte o punto 13 da orde do día pasará a ser tratado no punto 11 da orde do día, seguindo a numeración correlativa o resto dos asuntos da orde do día.

1.- (126). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 28 DE XULLO E EXTRAORDINARIA DO 11 DE AGOSTO DE 2025.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (25) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 13/2025 ordinaria, celebrada o 27/07/25
- Sesión núm. 14/2025 extraordinaria, celebrada o 11/08/25



Copia do documento - Concello de Vigo
5118-1101

Data impresión: 16/10/2025 12:53 | Páxina 3 de 58
CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PARTE RESOLUTIVA

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2.- (127). INFORMES DEFINITIVOS DE CONTROL FINANCEIRO DAS ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO 2024 EN APLICACIÓN DO DISPOSTO NO ARTIGO 36 DO REAL DECRETO 424/2017; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 103044/140. (EXPTE. PLENO 5010/1101).

ANTECEDENTES.- Dase conta dos informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro 2024, da viceinterventora e o interventor xeral, de data 27 de xuño de 2025, que di o que segue:

«Informes que se remiten:

Informe Definitivo de control financeiro permanente sobre o cumprimento da normativa en materia de morosidade 102995_140

Informe Definitivo de control financeiro permanente da obriga da obriga da auditoría da Disposicións Adicional 3ª da Lei Orgánica 9/201 102995_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior das liquidacións aprobadas e dos seus ingresos nos exercicios 2022 e 2023 por concesións administrativas outorgadas polo Concello 102996_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior dos contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2023 103008_140

Informe Definitivo de control financeiro posterior das subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2023 103013_140

Dirixido a:

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo
Pleno da Corporación do Concello de Vigo

O funcionario que subscribe, na súa condición de Interventor xeral municipal do Concello de Vigo, en cumprimento do disposto no artigo 31 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RDCI), aprobou o 21/05/2024 o Plan anual de auditorías e control financeiro do Concello de Vigo correspondente ao exercicio 2024, no que se recolleron as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o citado exercicio, sendo remitido a efectos informativos ao Pleno, que quedou enterado na sesión do 24/06/2024 conforme ao disposto no apartado 3º do citado precepto.

O desenvolvemento das actuacións previstas realizáronse pola viceinterventora adxunta responsable do control financeiro. O artigo 35 do RDCI establece que o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 4 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías documentarase en informes escritos, nos que se expoñerán de forma clara, obxectiva e ponderada os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, no seu caso, as recomendacións sobre as actuacións obxecto de control. Así mesmo, indicaranse as deficiencias que deban ser emendadas mediante unha actuación correctora inmediata, debendo verificarse a súa realización nas seguintes actuacións de control.

De conformidade co disposto no artigo 36 do RDCI, os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no citado precepto remítense ao Presidente da Entidade Local os seguintes informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro e Auditorías correspondente ao ano 2024 para o seu coñecemento, e para coñecemento do Pleno:

Informe Definitivo de control financeiro permanente sobre o cumprimento da normativa en materia de morosidade. Como consecuencia dos traballos desenvolvidos e da documentación examinada pódese concluír que de xeito xeneralizado dáse cumprimento á normativa vixente en materia de morosidade.

Informe Definitivo de control financeiro permanente da obriga da auditoría da Disposición Adicional 3ª da Lei Orgánica 9/2013. Dos traballos e control realizados, mediante técnicas de auditoría, e salvo as excepcións recollidas no informe, verificouse que a documentación analizada representa no seu conxunto a imaxe fiel da situación patrimonial.

Informe Definitivo de control financeiro posterior das liquidacións aprobadas e dos seus ingresos nos exercicios 2022 e 2023 por concesións administrativas outorgadas polo Concello. Do análise do proceso de liquidación dos canons acordados nas concesións administrativas no exercicios afectados, pódese concluír que, se ben non se axusta estritamente ao disposto nalgún pregos de cláusulas administrativas que rexen a súa concesión (pola forma da exacción liquidación en lugar de autoliquidación), tramitase de xeito eficaz e verificase que a cuantificación e actualización dos canons das concesións vixentes a área de ingresos as fai correctamente e consideración aos datos dos que dispón e/ou lle facilitan os servizos xestores; que a práctica da notificacións cumpre coa normativa vixente ao igual que o procedemento de recadación, e o se reflexo contable coas salvedades mencionadas.

Informe Definitivo de control financeiro posterior dos contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2023. Como consecuencia dos traballos desenvolvidos e da documentación examinada pódese concluír que, salvo a excepcións recollidas no informe, de xeito xeneralizado dáse cumprimento á normativa vixente en materia de contratación e coas instrucións internas ditadas polo Concello de Vigo.

Informe Definitivo de control financeiro posterior das subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2023. Como resultado do traballo efectuado, pódese resumir que as persoas beneficiarias cumpriron, con carácter xeral, coa obrigas recollidas nas bases reguladoras das subvencións analizadas a excepción das que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 5 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

se mencionan no informe e que suporá a tramitación do expediente de reintegro por parte dos servizos xestores.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 5 de setembro de 2025, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

O Pleno da Corporación toma coñecemento dos informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control financeiro 2024 2024, en aplicación do do disposto do artigo 36 do Real Decreto 424/2017.

Informe Definitivo de control financeiro permanente sobre o cumprimento da normativa en materia de morosidade	102995_140
Informe Definitivo de control financeiro permanente da obriga da obriga da auditoría da Disposicións Adicional 3ª da Lei Orgánica 9/2013.....	102995_140
Informe Definitivo de control financeiro posterior das liquidacións aprobadas e dos seus ingresos nos exercicios 2022 e 2023 por concesións administrativas outorgadas polo Concello	102996_140
Informe Definitivo de control financeiro posterior dos contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2023.....	103008_140
Informe Definitivo de control financeiro posterior das subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo no exercicio 2023	103013_140

3.- (128). INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2024; DACIÓN DE CONTA. EXPTE. 103029/140. (EXPTE. PLENO 5085/1101).

ANTECEDENTES.- Dase conta do informe resumo do Control Interno do Exercicio 2024, do interventor xeral de data 30 de abril do 2025, que di o que segue:

«I. Introducción.

O órgano interventor deberá elaborar, con carácter anual e con ocasión da aprobación da conta xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O informe resumo será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación, e á Intervención Xeral da Administración do Estado no curso do primeiro cuadrimestre de cada ano e conterá os resultados máis significativos, a xuízo do órgano de control, que se deduzan de todas as actuacións de control realizadas durante o exercicio anterior, na propia entidade local e nas súas entidades dependentes, tanto derivados do exercicio da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 6 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

función interventora, como dos informes emitidos sobre as actuacións de control permanente e auditoría pública.

Como actuacións de control realizadas deben entenderse todas aquelas que desen lugar á emisión e remisión dun informe definitivo de control ao órgano controlado.

a) Normativa.

A normativa en base á cal se elabora o informe é a seguinte:

- Artigos 213 e 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, modificados pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

- Artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local (en diante RDCIEL).

- Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se establecen as instrucións ás que haberán de axustarse o contido, estrutura e formato do informe resumen, así como a solicitude do informe previo á resolución de discrepancias e a remisión de información contable e informes de auditoría de contas anuais das entidades do sector público local.

b) Réxime de control.

Os actos da entidade local e da Xerencia Municipal de Urbanismo atópanse sometidos ao réxime de control común, non resultando de aplicación o réxime de control interno simplificado que regula o título V do Real Decreto 424/2017, ao ser o Concello de Vigo un Municipio de Gran Poboación e atoparse incluído no ámbito de aplicación do modelo normal de contabilidade local.

Dentro deste réxime común, non se acordou para ningún tipo de expediente de gasto o réxime de requisitos básicos a efectos de fiscalización e intervención limitada previa, polo que resulta aplicable o réxime xeral de fiscalización e intervención previa.

Pola súa banda, a fiscalización previa dos dereitos e ingresos da Tesourería da Entidade Local e a dos seus organismos autónomos substituíuse polo control inherente á toma de razón en contabilidade e o control posterior mediante o exercicio do control financeiro.

II. Alcance do informe resumen.

a) Actuacións de control realizadas no exercicio.

a.1) Función interventora.

Como dixemos, no Concello de Vigo o desenvolvemento da función interventora realízase mediante a fiscalización e intervención previa plena ou común para a totalidade dos expedientes de gasto. Isto supón que o órgano de control interno terá que comprobar, no exercicio da función interventora, non soamente aqueles extremos considerados transcendentais no proceso de xestión fixados no Acordo do Consello de Ministros¹, senón tamén verificar o cumprimento de todos aqueles requisitos legais que, sen ter tal

1 O Consello de Ministros, na súa reunión do 14 de marzo de 2023, autorizou o Acordo polo que se modifican os Acordos do Consello de Ministros do 30 de maio de 2008, do 20 de xullo de 2018 e do 15 de xuño de 2021, relativos ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos no ámbito dos tipos de gastos incluídos en cada un deles. Pode consultarse no BOE: <https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2008-10128&tn=1&p=20230318>



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 7 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

consideración, sexan necesarios co fin de asegurar, segundo o procedemento legalmente establecido, que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Así, fronte ao réxime de fiscalización limitada previa, caracterizada polas notas de esencialidade, brevidade e axilidade, ao limitarse o control a determinados aspectos esenciais do acto sometido a exame, o réxime xeral de exercicio da función interventora resulta unha tarefa de especial complexidade pola necesidade de verificar a adecuación do acto a toda a súa normativa reguladora, acentuada, en ocasións, pola dispersión normativa existente.

Por este motivo, e co fin de avanzar na consolidación dun modelo de control máis áxil e eficaz, esta intervención elaborou unhas "GUÍAS DE FISCALIZACIÓN" que recollen aqueles extremos ou requisitos legais que se consideran de necesaria verificación pola intervención no exercicio da fiscalización e intervención previa común dos expedientes, para que o resultado da fiscalización sexa de conformidade. En boa lóxica estas guías teñen que actualizarse permanentemente conforme á nova lexislación que se vaia aprobando.

Tendo en conta que para o exercicio da función interventora o órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando estea en disposición de que se dite acordo polo órgano competente (artigo 10 RDCI), considérase que estas "GUÍAS" resultarán de utilidade non soamente para os funcionarios da intervención xeral, senón que tamén facilitará a tarefa dos órganos xestores, que poderán coñecer de antemán aqueles extremos dos expedientes que tramiten que serán obxecto de fiscalización previa da intervención.

Así se elaboraron as seguintes GUÍAS, para cada unha das Áreas de control máis relevantes:

- 1.Guía de fiscalización da Contratación.
- 2.Guía de fiscalización dos Gastos de Persoal.
- 3.Guía de fiscalización das Subvencións, Transferencias e Convenios de Colaboración.
- 4.Guía de fiscalización da Xestión Patrimonial.
- 5.Guía de fiscalización da aprobación do orzamento e das modificacións de crédito.

Esta última guía foi elaborada no exercicio 2023 dada a importancia que no Concello de Vigo teñen as modificacións de crédito. Así, no exercicio 2024, último exercicio liquidado, a variación entre os estados iniciais e definitivos foi importante, xa que as modificacións orzamentarias en saldos netos representaron un 24,66% na Entidade Local principal con respecto aos créditos iniciais, sendo a contía total das modificacións tramitadas e aprobadas de 76,75 millóns de euros.

A estes efectos, a modificación máis salientable foi a incorporación dos remanentes de crédito non executados procedentes do exercicio 2023 por un importe total de 33,1 millóns de euros, así como os créditos extraordinarios e suplementos de crédito tramitados durante o exercicio financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, que ascenderon a 31,8 millóns de euros fronte aos 10 millóns do exercicio 2023.

Neste contexto, hai que ter en conta que no ano 2024 as regras fiscais foron reactivadas, o que nos sitúa de cheo nun escenario no que deben ser de aplicación e, polo tanto, valorar o seu cumprimento ou incumprimento.

A Estabilidade Orzamentaria, regulada nos artigos 3 e 11 da LOEOSF defínese como a situación de equilibrio ou de superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC10).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 8 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A regra de gasto calcúlase comprobando que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (PIB), tal e como dispón o artigo 12 da LOEPSF, o que implica necesariamente que o crecemento do gasto computable no exercicio 2024 non debe superar a taxa de referencia do 2,6%. Esta taxa de referencia foi establecida polo Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no informe de situación da economía española que acompañou á proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública comunicada á CNAL o pasado 11 de decembro de 2023.

Aprobada a liquidación do orzamento do Concello de Vigo e do conxunto de entes que conforman o seu perímetro de consolidación, cos obxectivos aplicados desde a entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2012, a Corporación Local CUMPRIU co obxectivo estabilidade orzamentaria, obtendo un superávit de 49,3 millóns euros, así como co obxectivo da regra do gasto, xa que o gasto computable non superou a TRCPIB establecida no 2,6%.

De acordo cos datos obtidos da aplicación informática de xestión de expedientes e da base de datos de contabilidade, durante o exercicio 2024 realizáronse pola Intervención Xeral Municipal un total de 61.031 actuacións de control no exercicio da función interventora, ben como fiscalización previa ben como intervención previa.

Fiscalización previa (fases A e D)

Do total de actuacións realizadas, 2.102 correspóndense con actuacións de fiscalización previa de actos polos que se autorizaron ou comprometeron gastos (fases A e D de execución do orzamento), e que se realizaron mediante a emisión de informes individuais por escrito para cada un dos expedientes. Non se inclúen neste cómputo as notas ou dilixencias de conformidade, aínda que as mesmas tamén supoñen a necesidade de realizar a fiscalización previa do expediente, mediante o exame da totalidade dos documentos que o integran.

Estas actuacións de fiscalización previa poden distribuírse do seguinte modo, tendo en conta as áreas de control máis relevantes:

Área de control	Descrición dos trámites	Número de actuacións de control					
		2024	2023	2022	2021	2020	2019
Contratación	Aprobación expediente, Adxudicación, Modificación contratos, Revisión de prezos, Certificacións de obra, Anticipos por acopios	403	500	457	456	392	330
Contratación	Recoñecementos extraxudiciais de crédito	2	0	0	1	2	0
Subvencións e Convenios	Convocatorias en concorrencia competitiva, Subvencións directas, Subvencións nominativas, Convenios de colaboración	246	252	262	210	216	200
Recursos Humanos	Selección dos empregados públicos (convocatorias), Nomeamento de persoal funcionario de carreira ou interinos, Contratación de persoal laboral, Provisión dos postos de traballo (libre designación, concurso ordinario ou específico, comisión de servizos voluntaria, adscrición provisional), Recoñecemento de trienios, Gratificacións, horas extraordinarias e produtividade, Nóminas, Anticipos, Axudas de acción social, Prolongación na permanencia da situación de servizo activo	719	566	578	471	443	409
Dietas e indemnizacións	Indemnizacións ou compensacións nos supostos de desprazamentos dentro do termo municipal por razón de servizo, asistencia por concorrencia a	100	63	90			



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 9 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Órganos Colexiados, por participación en tribunais de oposicións e concursos, e pola asistencia a cursos de formación que se desenvolvan fora do termo municipal						
Facenda e Orzamentos	Aprobación do orzamento, modificacións orzamentarias, liquidación e conta xeral, modificación das ordenanzas	144	160	187	143	140	150
Pagos a xustificar	Fiscalización previa das ordes de pago a xustificar e intervención das contas xustificativas dos pagos a xustificar	230	214	150	(*)		
Patrimonio	Cesións, compra de bens, responsabilidade patrimonial	35	18	32	70	74	67
Garantías	Devolución de avais e outras garantías	174	177	150	121	101	170
Outros expedientes de gasto	Pagos de arrendamentos, cotas comunidades de propietarios, execución de sentenzas e outros	49	43	41	73	77	200
Número total de actuacións de control interno na modalidade de fiscalización previa		2.102	1.993	1.947	1.545	1.445	1.526

(*) Ata o ano 2021 estas actuacións incluíanse no epígrafe "Outros expedientes de gasto".

Outras actuacións: Intervención previa e outras

Ademais realizáronse as seguintes actuacións no exercicio da función interventora:

Fase actuación	Descripción da actuación	N.º de actuacións de control					
		2024	2023	2022	2021	2020	2019
Intervención previa da liquidación do gasto ou recoñecemento de obrigacións (fase O)	Comprobar, antes de que se dite a resolución, que as obrigacións se axustan á Lei ou aos negocios xurídicos subscritos polas autoridades competentes e que o acreedor cumpriu ou garantiu, no seu caso, a súa correlativa prestación	16.070	16.099	16.242	14.994	14.416	9.248
Intervención formal da ordenación do pago	Verificar a correcta expedición das ordes de pago	15.295	16.103	16.226	15.000	14.420	12.010
Intervención material do pago	Verificar que o pago dispúxose polo órgano competente e realízase en favor do perceptor e polo importe establecido	26.312	32.967	17.087	14.087	14.149	9.884
Intervención da comprobación material da inversión	Verificar materialmente a efectiva realización das obras, servizos ou adquisicións financiadas con fondos públicos e a súa adecuación ao contido do correspondente contrato	39	44	31	25	22	52
Devolución de ingresos indebidos	Fiscalización dos actos de ordenación e pago material derivados de devolucións de ingresos indebidos	1.213	1.201	1.547	2.925	2.524	3.289
Número total de actuacións de control interno na modalidade de intervención previa		58.929	66.414	51.133	47.031	45.531	34.483

Estas actuacións realizáronse normalmente mediante unha dilixencia de fiscalización de conformidade asinada sen necesidade de motivación adicional, previa comprobación do cumprimento dos requisitos esixibles en cada caso.

a.2) Control financeiro.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 10 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En cumprimento do disposto no artigo 31 do RDCIEL, o 21 de maio de 2024 elaborouse pola Intervención Xeral un Plan Anual de Control Financeiro (en diante, PACF 2024) recollendo as actuacións de control permanente e auditoría pública a realizar durante o exercicio, dando conta ao Pleno na sesión ordinaria do día 24 de xuño de 2024.

No PACF 2024 incluíronse, ademais das actuacións de control permanente cuxa realización polo órgano interventor deriva dun deber legal (control polo tanto preceptivo e non planificable), tamén as seguintes actuacións seleccionadas sobre a base dunha análise de riscos:

Actuación 1 (obligatoria).- Avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade (art. 12.2 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público).

Actuación 2 (obligatoria).- Informe sobre obrigas pendentes de imputar ao Orzamento. Auditoría da Conta 413 (Disposición adicional terceira da Lei orgánica 9/2013, de 9 de setembro, de Control da débeda comercial no sector público).

Actuación 3 (obligatoria).- Control financeiro sobre subvencións e axudas concedidas polos suxeitos que integran o sector público local, que se atopen financiadas con cargo aos seus orzamentos xerais (artigo 3.5 do RDCI e título III da Lei 38/2003 xeral de subvencións).

Actuación 4 (obligatoria).- Control financeiro posterior das liquidacións aprobadas nos exercicios 2022 e 2023, cobradas ou pendentes de cobro por concesións administrativas outorgadas por Concello de Vigo (ingresos). Tendo en consideración que no último PACF aprobado incluíuse dentro desta área o control financeiro posterior das liquidacións aprobadas por concesións administrativas outorgadas polo Concello de Vigo, se ben dita actuación por falta de recursos materiais e persoais non chegou a rematarse, considerouse conveniente incluír esta actuación referida aos 2 últimos exercicios.

Actuación 5 (non obligatoria).- Control financeiro e de eficacia dos Contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2023.

As actuacións 1, 2, 4 e 5 xa foron totalmente desenvolvidas, e a 3 atópase a piques de rematar, téndose realizado os informes provisionais remitidos aos servizos xestores para alegacións, de ser o caso.

Por outra parte, conforme ao disposto no artigo 29.3 do RDCIEL, o órgano interventor da Entidade Local realizará anualmente a auditoría das contas anuais das fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola súa normativa específica.

Xa que ningunha das Fundacións que forma parte do Sector Público Local "Concello de Vigo" ten o deber de someter as súas contas anuais á auditoría externa conforme ao disposto no artigo 25 da Lei 50/2002 de Fundacións, e tendo en conta que no ano 2020 realizáronse as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2019 das Fundacións Marco, Liste e Laxeiro, e no ano 2021 realizáronse as auditorías das contas e de cumprimento do ano 2020 das Fundacións Vigo Convention Bureau e Vigo en Deporte, no transcurso de tres exercicios consecutivos (2019-2021) o modelo de control alcanzou o cento por cento do orzamento xeral consolidado mediante a aplicación das modalidades de función interventora e control financeiro, dando cumprimento ao disposto no parágrafo segundo do artigo 4.3 do RDCI.

Tendo en conta os resultados das anteditas auditorías, non se considerou necesaria a realización de ningunha auditoría no anos 2022 e 2023, polo que no PACF 2025 prevese o seguinte calendario de auditorías a realizar nos vindeiros exercicios:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 11 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Auditoría de Contas Anuais, de Cumprimento e Operativa			
	PACF 24	PACF 25	PACF 26
Entidade / Exercicio auditado		2023-2024	2024-2025
Fundación Marco		•	
Fundación Vigo Convention Bureau			•
Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo		•	
Fundación Laxeiro		•	
Fundación Vigo en Deporte			•

a.3) Medios.

Aínda que o RDCIEL contempla a posibilidade da Entidade Local de contratar para colaborar co órgano interventor a firmas privadas de auditoría, que deberán axustarse ás instrucións ditadas polo órgano interventor, esta intervención manifestou nos sucesivos informes de control interno anuais que resultaría recomendable a creación dun Servizo ou Oficina de Control Financeiro na Intervención Xeral Municipal tendo en conta o carácter permanente das funcións para desenvolver e a súa transcendencia para garantir un modelo de control eficaz, e para a mellora na xestión e na transparencia.

Neste sentido, o Consello de Contas de Galicia, no “Anteproxecto do Informe de Fiscalización Selectiva do Concello de Vigo. Exercicio 2018” puxo de manifesto que “o Concello non conta cunha suficiente estrutura de persoal para dar cobertura ás esixencias do RD 424/2017, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades locais en materia de control financeiro”, e que “existe unha praza de habilitación nacional que non está cuberta”, polo que recomenda “adaptar e dotar a estrutura do Órgano Interventor ás esixencias da normativa de control interno”.

Pois ben, temos que dicir que no mes de abril do presente exercicio 2024 cubriuse definitivamente o posto de habilitación nacional denominado “Viceinterventor/a adxunto/a”, praza á que se refería o Consello de Contas no seu informe, ao que se lle ten encomendado a colaboración e desenvolvemento das actuacións de control financeiro planificable previstas no Plan Anual de Control Financeiro aprobado polo interventor xeral. Deste xeito, coa posterior adscrición dos medios e recursos necesarios, creárase unha oficina ou servizo de control financeiro para o desenvolvemento do modelo de control eficaz ao que se refire o artigo 4 do Real Decreto 424/2017, xa que a actual estrutura de persoal atópase adaptada para a realización fundamentalmente da tradicional función interventora nas súas modalidades de fiscalización previa e intervención previa.

Por outra banda, o artigo 20 do RDCIEL establece que o órgano interventor poderá estar asesorado cando sexa necesaria a posesión de coñecementos técnicos para realizar a comprobación material.

A este respecto é preciso indicar que o persoal da intervención asistiu aos actos de comprobación material dos investimentos sen asesoramento, entendéndose por tanto limitada a miña responsabilidade aos aspectos e deficiencias que se puideron detectar atendendo á dilixencia media esixida aos profesionais da Administración que non requiren cualificación técnica nun sector específico obxecto do gasto para o desempeño das funcións asignadas ao seu posto de traballo.

III. Conclusións e recomendacións.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 12 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

III.1.- Función interventora.

Durante o exercicio 2024 non se adoptaron resolucións ou acordos contrarios aos reparos formulados, nin existiron procedementos para a resolución de discrepancias entre as opinións do órgano interventor e as dos órganos de xestión.

Naqueles supostos nos que o órgano interventor observou defectos no expediente derivados do incumprimento de requisitos ou trámites considerados non esenciais, devanditos defectos foron corrixidos con anterioridade á aprobación do expediente correspondente.

Esta ausencia de acordos contrarios a reparos resulta especialmente relevante tendo en conta que no ano 2020 nos concellos españois aprobáronse un total de 48.486 resolucións e acordos contrarios a reparos formulados polos órganos de Intervención por un importe global de 2.043,7 millóns de euros (fonte: Tribunal de Cuentas).

Non existiron expedientes con omisión de fiscalización no exercicio 2024.

Esta intervención non detectou anomalías en materia de ingresos no exercicio 2024.

Recoméndase: Reitérase a necesidade de continuar desenvolvendo a aplicación de xestión de expedientes, previa elaboración de guías de tramitación da totalidade dos expedientes co maior nivel de detalle posible a nivel de trámite e usuario autorizado, como instrumento imprescindible para garantir un modelo de control eficaz.

Por outra banda, tamén resulta necesaria a dispoñibilidade de ferramentas informáticas suficientes e específicas para realizar as funcións de control interno, preferentemente integradas no sistema de administración electrónica da entidade, e que contén cun inventario das actuacións realizadas no exercicio da función interventora.

Así mesmo, os medios persoais para levar a cabo as tarefas de control interno non só han de ser suficientes no seu número senón que, ademais, han de contar coa formación esixible para desempeñar con competencia os novos labores previstos no RCIL. A este respecto, recoméndase incrementar a formación específica para os funcionarios responsables do control interno, establecendo a obriga de seguir os cursos e realizar as actividades de formación continuada necesarias para asegurar un nivel suficientemente elevado de coñecementos teóricos, cualificacións e valores profesionais.

Finalmente, e dado o importante número de expedientes tramitados na área de control de Recursos Humanos, resultaría recomendable aplicar, polo menos nesta área de xestión, o réxime de fiscalización e intervención limitada previa de requisitos básicos, caracterizado polas notas de esencialidade, brevidade e axilidade, ao limitarse o control previo a determinados aspectos esenciais dos actos sometidos a exame. Esta modalidade de control atópase absolutamente normalizada pois é a que aplica tanto a Administración de Estado, como a maioría dos Municipios de Grande Poboación. A tal efecto, ao longo do exercicio 2025 formularase a oportuna proposta ao Pleno da Corporación.

III.2.- Control financeiro permanente: Actuacións atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor.

Como regra xeral, durante o exercicio 2024 realizáronse as actuacións de control financeiro cuxa realización polo órgano interventor deriva dunha obrigación legal. Como resultado das devanditas actuacións elaboráronse informes escritos co contido establecido no artigo 35 do RD 424/2017.

Con carácter xeral as deficiencias detectadas foron corrixidas mediante unha actuación correctora inmediata, sen prexuízo daquelas recomendacións puntuais realizadas sobre



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 13 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

determinados aspectos que non resultan especialmente significativos pola súa escasa relevancia cualitativa ou cuantitativa.

En particular, informáronse favorablemente os expedientes para a aprobación inicial do orzamento do exercicio, as modificacións de créditos do exercicio, así como a aprobación da liquidación do orzamento.

Con todo, neste ámbito debemos de reiterar as seguintes recomendacións no informe de control permanente previo emitido para a aprobación da liquidación dos orzamentos para o exercicio 2024:

Recoméndase:

Recoméndase revisar en profundidade as Bases de Execución dos Orzamentos do Concello de Vigo de modo que se limiten a regular o contido que lle é propio, xa que non é o instrumento válido para regular outras materias por tratarse de normas encamiñadas a delimitar o perímetro do propio orzamento. Particularmente, como resultado das actuacións de control financeiro realizadas por esta Intervención sobre os contratos menores, recoméndase revisar ou suprimir a base 31ª que regula esta modalidade ou procedemento de contratación.

Por outra parte, reitera esta intervención a necesidade de adaptar a xestión económico-financeira do Concello de Vigo ao réxime de organización dos municipios de grande poboación previsto no título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante a creación do órgano ou órganos de xestión económico-financeira e orzamentaria, tendo en conta que o titular do órgano que desenvolva as funcións de contabilidade deberá ser un funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional.

III.3.- Control financeiro permanente: Actuacións realizadas incluídas no Plan Anual de Control Financeiro.

Avaliación do cumprimento da normativa en materia de morosidade (art. 12 da Lei 25/2013, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público).

Verifícase que se cumpre a normativa en materia de morosidade, e que non quedan retidas facturas presentadas no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas que fosen dirixidas a órganos do Concello de Vigo en ningunha das fases do proceso.

Informe sobre obrigas pendentes de imputar ao Orzamento. Auditoría da Conta 413 (DA 3ª da Lei orgánica 9/2013, de 9 de setembro, de Control da débeda comercial no sector público).

Verifícase que as obrigacións derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos para os que non se produciu a súa imputación orzamentaria quedaron reflectidos na conta 413.

Control financeiro posterior das liquidacións aprobadas nos exercicios 2022 e 2023 por concesións administrativas outorgadas por Concello de Vigo (ingresos).

Do análise do proceso de liquidación dos canons acordados nas concesión administrativas, con carácter xeral e sen prexuízo das recomendacións realizadas no informe de control financeiro, pódese concluír que tramitase de xeito eficaz e a cuantificación e actualización dos canons das concesións vixentes realízanse correctamente en consideración aos datos dos que dispón e/ou lle facilitan os servizos xestores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 14 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Control financeiro e de eficacia dos Contratos menores adxudicados polo Concello de Vigo no exercicio 2023.

A auditoría estendeuse aos contratos menores adxudicados no exercicio 2023 no Concello de Vigo, seleccionados mediante técnicas de mostraxe. Visto o número de expedientes, por parte da Viceintervención seleccionouse unha mostra representativa de 70 expedientes (cun nivel de confianza do 95% e un erro tolerable do 5%) para o seu estudo polo miúdo.

Da análise individualizada dos 70 expedientes integrantes na mostra, examinouse o cumprimento de 35 requisitos (recollidos no programa de traballo desta actuación, de entre os exixidos pola LCSP, o OIResCon, pola Instrución 1/2021 sobre a tramitación dos contratos menores, aprobada pola Xunta de Goberno local o 10 de decembro de 2021, e os previstos nas Bases de execución dos orzamentos do 2023) agrupados entre Actuacións previas (15), aprobación e adxudicación (11), execución e comprobación do contrato (8) e Publicidade do contrato (1).

Como resultados mais significativos da actuación de control podemos destacar os seguintes:

Catro requisitos, considerados por esta intervención como non esenciais e incluso prescindibles dado que atópanse previstos unicamente nas Bases de Execución do orzamento aprobadas polo Pleno e non na lexislación aplicable, son incumpridos pola práctica totalidade dos contratos: (1) A incorporación no expediente dunha "Declaración xurada do ou da contratista do cumprimento do previsto no art. 71 da LCSP (esixencia da clasificación)", (2) a mención expresa de que "Non terá revisión de prezos", (3) a necesidade de que exista unha "resolución do órgano de contratación competente do inicio do expediente", e (4) que a proposta debe acreditar que o contrato é completo. Este nivel de incumprimentos conduce, a xuízo desta intervención, á necesaria reflexión e estudo de se é preciso manter por indispensables ditos requisitos nas Bases.

Compre recordar que esta intervención xa informou, no expediente de aprobación dos orzamentos para o presente exercicio que: "*(...) a recente sentenza do 8 de xullo de 2024 (Rec. 532/2022) ditada polo Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, utilizando como base a doutrina do Tribunal Constitucional sobre o contido e límites das leis de orzamentos (Sentenza do Tribunal Constitucional do 15 de novembro de 2022, Res. 145/2022), anula unha disposición das bases de execución do orzamento dun Concello por excederse do contido propio das mesmas, que se concreta no artigo 9.2 do Real Decreto 500/1990, así como noutros artigos do mesmo, dos que cabe deducir que as bases son normas encamiñadas a delimitar o perímetro do propio orzamento, debendo limitarse a regular o contido que lle é propio, sen ser o instrumento válido para regular outras materias.*

En consecuencia, resultaría recomendable realizar unha revisión das BEP de modo que o seu contido limítase a regular o contido que lle é propio."

Polo demais, sen ter en conta os requisitos incumpridos de xeito xeral, o 87,14% dos expedientes teñen un grado de cumprimento superior ao 90%. Nos restantes expedientes os requisitos que non se cumpren ou non se cumpren parcialmente son, fundamentalmente, por cuestións non relevantes, se ben as dignas de mención reflíctense polo miúdo no apartado II Resultados do traballo do correspondente informe de control financeiro.

Nas actuacións previas do procedemento de contratación dos expedientes examinados, en termos xerais, cúmprense con todos os requisitos esixidos pola normativa e pola instrución 1/2022 de contratación menor do Concello de Vigo, sendo a xustificación do método de cálculo empregado para a determinación do valor estimado e a declaración/informe de que non se está a fraccionar o contrato para eludir os requisitos de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 15 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

publicade ou os relativos aos procedementos de adxudicación os requisitos que menos constan (aproximadamente en pouco menos da metade dos expedientes).

Os requisitos analizados da aprobación e adxudicación constan na práctica totalidade dos expedientes, ao igual que os de execución e comprobación do cumprimento do contrato. No expediente 19922-77 non consta a execución do contrato, pero tampouco a resolución do mesmo, polo que o servizo xestor debería ter incoado expediente administrativo de resolución contractual como consecuencia da imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, ou ben por mutuo acordo das partes (artigo 209 LCSP).

En relación á obriga da publicidade dos contratos menores ao menos trimestralmente no Plataforma de Contratación do Sector Público, estase a cumprir, constando listaxes trimestrais como documentación no perfil do contratante.

Podemos concluír, en definitiva, que con carácter xeral considérase que a adxudicación de CM ten un funcionamento correcto, é dicir, só precísanse algunhas melloras.

Control financeiro posterior das subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva do Concello de Vigo e da Xerencia Municipal de Urbanismo exercicio 2023.

No exercicio 2023, o importe ao que ascenderon os 619 expedientes integrantes da poboación é de 2.988.809,83 €. O tamaño da mostra para a antedita poboación, cun nivel de confianza do 95% e un erro tolerable do 5%, foi de 47 expedientes. Os expedientes seleccionados para a mostra obtivéronse por procedementos aleatorios non estadísticos, escollendo de entre cada liña de subvención na proporción do número de beneficiarios de cada liña e a proporción da mostra.

Dos informes evacuados pola firma de auditoría contratada, despréndese que as 47 entidades seleccionadas maioritariamente cumpren cos requisitos establecidos nas bases, con pequenas incidencias non destacables, a excepción de 8 nas que poden supoñer o reintegro total ou parcial da subvención por non cumprir con cuestións esenciais da convocatoria da subvención.

O motivo fundamental destes incumprimentos consiste en: (1) incluír na xustificación facturas correspondentes a conceptos non subvencionables; (2) realizar o pago de facturas correctas en efectivo e non a través de transferencia bancaria, ou ben (3) non facilitar no momento da auditoría a contabilidade.

III.4.- Auditoría pública.

Non se realizaron Auditorías das Fundacións integradas no Sector Público Local.

IV. Deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

Mais alá das recomendacións realizadas, non se sinalaron deficiencias que requiran a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción.

V. Valoración do plan de acción formalizado polo Presidente da Corporación como consecuencia das deficiencias sinaladas no anterior informe.

Non procede xa que como consecuencia do anterior informe non resultou necesario elaborar un plan de acción.»



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 16 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 5 de setembro de 2025, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda toma coñecemento do informe resumo dos resultados do control interno do exercicio 2024, en aplicación do do disposto do artigo 37 do Real Decreto 424/2017.....103029_140

4.- (129). MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CONXUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPEDIENTE 1849/1102 (EXPTE. PLENO 5011/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 30 de xullo de 2025, a secretaria de Goberno local como instrutora do expediente e conformado pola concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

"En data 4.12.2015 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación aos criterios de funcionamento da mesa xeral de negociación (expte 26.805/220). Posteriormente, dito acordo, foi modificado por acordo da Xunta de Goberno local de data 22/11/2018 (expte : 32981-220), acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/03/2019 (expte: 33742- 220) e acordo do mesmo órgano de data 11.07.2019 (expte: 33742/220).

En data 4.12.2024 a Mesa Xeral de Negociación Colectiva común para o persoal funcionario e laboral por consenso acordou oportuno modificar os criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello.

En data 14.02.2025 incoouse expediente de aprobación do Regulamento da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo baixo a instrución da Secretaría de Goberno Local.

En data 28.02.2025 a instrutora formula proposta técnica do Regulamento de organización e funcionamento da mesa xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo que foi remitida as organización sindicais lexitimadas na mesa de negociación para súa consideración previo sometemento a mesa de negociación.

En data 28.02.2025, trala presentación do escrito de alegacións pola parte sindical, emitíuse informe en base o cal emitíuse unha nova proposta técnica do regulamento que foi sometida e mesa de mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo en data 5 de maio de 2025. Consta no expediente certificado de dito órgano no que se acredita que as partes da mesa de negociación achegaron por unanimidade a un acordo respecto da proposta do Regulamento de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 17 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

funcionamento da Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello.

En data 6.05.2025 solicitouse ao Servizo de Igualdade informe de impacto de xénero remitindo a proposta de regulamento consensuada.

En data 23.05.2025 emitíuse informe de impacto de xénero.

En data 27.06.2025 a Xunta de Goberno Local Aprobar o Proxecto de Regulamento de organización e funcionamento da Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo.

En data 29.07.2025 a mesa común de negociación para o persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, achega por unanimidade da representación sindical e Concello a un acordo respecto do Proxecto do Regulamento de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello coa modificación do artigo 6.1.b do proxecto de regulamento na seguinte redacción

"b) Fixar a orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións das organizacións lexitimadas formulada por maioría no período conferido ao efecto e sexan competencia da mesa de negociación".

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución Española de 1978 (CE)
- Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP),
- Lei 39/2015, do de outubro, de procedemento administrativo común.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Da potestade regulamentaria.

O artigo 4.1.a) da LRBRL reconece aos municipios, na súa calidade de Administracións Públicas e dentro da esfera das súas competencias, a potestade regulamentaria e de autoorganización. Así mesmo, o Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local, dispón no seu artigo 55, que "na esfera da súa competencia, as Entidades locais poderán aprobar Ordenanzas." Con arranxo á nomenclatura tradicional, as disposicións regulamentarias reguladoras da actividade dos veciños e particulares denomínanse como Ordenanzas e as reguladores dos servizos e órganos municipais Regulamentos.

SEGUNDO.- Do proxecto de regulamento da Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral e a súa modificación.

No ámbito da función pública o TREBEP, no seu capítulo IV do Título III regula a negociación colectiva dos empregados públicos e destaca os principios de legalidade, cobertura presupostaria, obrigatoriedade da negociación, boa fe, publicidade e transparencia que deben presidir a negociación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 18 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O art. 34.1 TREBEP establece que *"aos efectos da negociación colectiva dos funcionarios públicos constituirase unha Mesa General de Negociación (...) en cada unha das Entidades Locais"*. Son obrigatorias a Mesa Xeral de Negociación para materias e condicións de traballo comúns ao persoal laboral e funcionario (art. 36.3 TREBEP) e a Mesa Xeral de Negociación relacionada coas condicións de traballo comúns aos funcionarios (arts. 34.1 E 3 TREBEP). Respecto ao persoal laboral o órgano de negociación corresponde as Comisiones Negociadoras.

Neste senso, o Concello de Vigo, tralas eleccións sindicais de novembro 2023, aprobou mediante sendas resolucións da concelleira delegada de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23.01.2024 a composición numérica da Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral e Mesa Común de negociación para o persoal funcionario do Concello de Vigo para o período 2023-2027. Así mesmo, en data 3.04.2035 por resolución do mesmo órgano acordouse a constitución da Mesa de negociación para o persoal laboral do Concello de Vigo, para o período 2023-2027.

O proxecto de regulamento desenvólvese a iniciativa da Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral segundo acordo de data 4.12.2024. O regulamento, consonte establecido no artigo 15.2 da LRXSP ten por obxecto establecer as normas de organización e funcionamento da Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo e, co con carácter supletorio, será de aplicación ás mesas de negociación que carezan de normas propias de funcionamento, agás no que se refire a súa composición.

Neste senso, a norma ten como obxectivo establecer un marco común de funcionamento para todas as mesas e así, poder realizar unha labor de negociación organizada e á vez áxil que dea resposta aos intereses do persoal empregado público, logrando así unha maior eficiencia na xestión das materias suxeitas a negociación.

A modificación do proxecto de regulamento que se somete a unha nova aprobación afecta a *rao artigo 6.1.b) de xeito que, en lugar de " Fixar a orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións das organizacións lexitimadas formulada por maioría absoluta no período conferido ao efecto e sexan competencia da mesa de negociación" se redacte como " Fixar a orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións das organizacións lexitimadas formulada por maioría no período conferido ao efecto e sexan competencia da mesa de negociación" tal e como reflicte a sentenza do Xulgado contencioso Administrativo.*

Dita modificación ten por obxecto garantir a seguridade xurídica no marco de funcionamento entre as partes (administración e parte sindical) na mesa de negociación. Neste senso a sentenza do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2 00155/2023 de data 20 de xuño de 2023 ratificada polo Tribunal Superior de Xustiza 869/2024 dispón *"Sin perjuicio de que la redacción de la cláusula VII de los Criterios, decíamos que era equívoca por cuanto que, aun cuando entendiésemos que las propuestas de las partes deben ser forzosamente incluidas en el orden del día, cabe comprender en línea con el criterio jurisprudencial apuntado por la demandada que, las partes de una Mesa negociadora como la que nos ocupa, son solo dos, no tantas como sindicatos intervinientes concurren a ella, y así el art. 154.1 de la Ley 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia se refiere a "...la representación de las administraciones públicas" y a "la representación de las organizaciones sindicales legitimadas". De manera que sería forzoso incluir en el orden del día las propuestas que las partes, Administración y sindicatos (éstos, de común acuerdo, o*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 19 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

por mayoría de la representación sindical, como contempla la cláusula X de los Criterios), presentasen oportunamente, pero no todas y cada una de las propuestas que cada uno de los sindicatos que forman una de las partes del órgano colegiado, deseen tratar.”

Consta no expediente certificado da mesa de negociación que acredita que as partes da mesa acadaron consenso no proxecto de regulamento coa modificación do art. 6.1.b).

TERCEIRO.- Do plan normativo

A proposta do Regulamento da Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo non foi incluída no Plan Normativo para o ano 2025 toda vez que as partes da mesa de negociación acordaron a modificación dos vixentes criterios de funcionamento da Mesa Xeral de Negociación do Concello en data posterior a aprobación de dito plan. Neste senso as directrices para a elaboración do plan anual normativo aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 31.08.2017 determina que *"Os concelleiros delegados poderán elevar ao Pleno para a súa aprobación propostas normativas que non figuren no Plan Anual xustificándoo na Memoria do Análise de Impacto Normativo de cada Regulamento"*

CUARTO.- Da estrutura do regulamento

O regulamento estrutúrase en tres capítulos que conteñen catorce artigos, dúas disposicións adicionais e unha disposición final única.

Capítulo I regula o ámbito, obxecto e recolle os principios básicos da actuación negocial.

Capítulo II regula a representatividade das organización sindicais así como composición da Mesa Xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral: Presidencia, Secretaría e membros da mesa así e as materias obxecto da negociación.

Capítulo III.- Normas xerais de funcionamento establece o réxime de sesións, orde do días, actas e formas de adopción dos acordos.

Disposición Adicional Primeira regula o réxime de renovación dos membros das Mesas con motivo da reestruturación da Corporación e cada cada catro anos con motivo do proceso electoral sectorial.

Disposición Adicional Segunda determina as normas aplicables para o non previsto no regulamento e establece a súa aplicación supletoria ás mesas de negociación que carezan de normas propias de funcionamento, agás no que se refire á composición.

Disposición Final Única. Publicación e entrada en vigor para o cal se remite a Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local.

QUINTO.- Aplicación dos principios de boa regulación.

Conforme o disposto artigo 129 da LPAC, que as Administracións Públicas no exercicio da potestade regulamentaria, actuarán de acordo con os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 20 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Na memoria de impacto normativo analízase a adecuación da norma aos principios de boa regulación do artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

SEXTO.- Consulta pública previa sobre a necesidade ou conveniencia da aprobación da norma (artigo 133 da LPAC).

Con carácter previo á elaboración dunha norma o artigo 133 da LPAC articula unha consulta pública a través do portal web do Concello ao fin de recabar a opinión dos suxeitos e organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma respecto de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Non obstante, tal e como dispón o artigo 133.4 poderá prescindirse deste trámite e, entre outros, no suposto de normas organizativas. Neste senso, tal e como se fai constar na memoria de impacto normativo o trámite de consulta previa non opera na tramitación do expediente de aprobación do regulamento proposto polo seu carácter organizativo.

SÉTIMO.- Procedemento

A regulación das ordenanzas/regulamentos no réxime local se atopa na LRBRL do que resulta que trala aprobación do proxecto por parte da Xunta de Goberno Local (art. 127.1.a da LRBRL) e sen prexuízo do establecido no Regulamento Orgánico de Pleno, ha de seguirse o seguinte procedemento:

a) Ditame da Comisión Informativa que teña atribuída a función de estudo, informe ou consulta .

b) Aprobación inicial polo Pleno (art. 123.1.d LRBRL) mediante acordo adoptado por maioría simple.

c) Trámite de información pública e audiencia aos interesados, por prazo mínimo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxestións. Este trámite ten carácter ineludible (STS 29/06/2017 rec. 1964/2016) e lévase a cabo mediante a publicación dun anuncio no BOP indicando o lugar de exposición (art 196 RD 2568/1986). Así mesmo o texto íntegro do proxecto de ordenanza debe publicarse no portal de transparencia (art. 7 c) e art. 7 e) da Lei 19/2013) e estar a disposición a través de medios electrónicos na sede electrónica (art. 83.2 p) da LPAC).

d) Acordo do polo Pleno de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva, se procede. No caso de que non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

d) O regulamento entraría en vigor unha vez que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 LRBRL.

Asi mesmo, faise constar



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 21 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- No expediente consta informe de impacto de xénero (art. 19 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes).
- Consta proxecto de regulamento que recolle as observacións formuladas no informe de impacto de xénero.
- Consta memoria de impacto normativo no marco do principios de boa regulación consagrados no artigo 129 da LPAC e valores de boa administración recollidos no artigo 103.1 CE.

O proxecto de regulamento non require informe de fiscalización por parte da Intervención Municipal xa que aprobación do regulamento non conleva gasto (artigo 214.2 do TRLRFL e artigo 7 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades del Sector Público Local).

Polo exposto elévase a Xunta de Goberno Local como órgano competente para a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a LRBRL) a adopción do seguinte.../...."

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 8 de agosto de 2025, aproba a mencionada proposta.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 5 de setembro de 2025, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN:

•Votos a favor: unanimidade dos vinte e cinco membros presentes (25); dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes (25) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente a Regulamento de organización e funcionamento da mesa xeral de negociación conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo co texto que se transcribe no anexo I da presente proposta de acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 22 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2.- Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de 30 días hábiles, contados desde o seguinte á publicación do anuncio correspondente ao extracto da aprobación inicial do regulamento no Boletín Oficial da Provincia, indicando o lugar de exposición pública do expediente completo para a presentación de reclamacións e suxestións-

3.- Declarar que, consonte ao establecido no artigo 49.c) da LRBRL, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, entrando en vigor cando haxa transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO I

PROXECTO DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN CONXUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DO CONCELLO DE VIGO.-

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I: OBXECTO É ÁMBITO

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Ámbito de aplicación e actuación

Artigo 3. Principios básicos da actuación negocial

CAPÍTULO II. COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN

Artigo 4.- Representatividade e composición da mesa

Artigo 5.- Constitución da Mesa

Artigo 6.- A Presidencia

Artigo 7.- A Secretaría

Artigo 8.- Os membros

Artigo 9. Materias obxecto de negociación

Artigo 10. Asuntos excluídos da negociación colectiva

CAPÍTULO III.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 11.- Sesións

Artigo 12.- Orde do día

Artigo 13.- Actas

Artigo 14.- Dos acordos

Disposición Adicional Primeira. Renovación dos membros das Mesas

Disposición Adicional Segunda. Normas de aplicación

Disposición Final Única. Publicación e entrada en vigor

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución Española de 1978 na Sección 1ª, do Capítulo 2ª do Título 1ª baixo a rúbrica "Dos Dereitos fundamentais e liberdades Públicas" recoñece no seu artigo 28 o dereito a negociación e representación colectiva xunto o dereito a folga e liberdade sindical.

A Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical desenvolve o artigo 28.1 da CE e materializa o dereito a sindicarse libremente, a elección de representantes sindicais e exercicio da actividade sindical. O dereito fundamental de liberdade sindical comprende entre outros, o dereito dos sindicatos ao exercicio das facultades de negociación colectiva en tanto que constitúe manifestación do libre exercicio da actividade sindical para a reforma e promoven os intereses económicos e sociais que son inherentes a dita actividade sindical (Sentenza do Tribunal Constitucional núm. 105/1992),



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 23 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No ámbito da función pública o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), no seu capítulo IV do Título III regula a negociación colectiva dos empregados públicos e destaca os principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade da negociación, boa fe, publicidade e transparencia que deben presidir a negociación.

O artigo 36.3 do TREBEP establece a constitución dunha Mesa Xeral de Negociación na Administración Xeral do Estado, en cada unha das Comunidades Autónomas, Cidades de Ceuta e Melilla e Entidades Locais para a negociación de todas aquelas materias e condicións de traballo comúns ao persoal funcionario, estatutario e laboral. Iso sen prexuízo da constitución da Mesa Xeral de Negociación de Funcionarios atendendo a aquilo disposto no artigo 34.1 do propio Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e mesa de laborais.

Pola súa banda, o artigo 15.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), determina que os órganos colexiados das distintas Administracións Públicas en que participen organizacións representativas de intereses sociais poderanlles establecer ou completar as súas propias normas de funcionamento.

Neste contexto, a Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello conxunta en sesión de data 4 de decembro de 2024 acordou a modificación das normas de funcionamento vixentes. Preténdese con iso, establecer un marco común de funcionamento para todas as mesas e así, poder realizar un labor de negociación organizado e á vez áxil que dea resposta aos intereses do persoal empregado público, logrando así unha maior eficiencia na xestión de todas as materias suxeitas a negociación.

CAPÍTULO I: OBXECTO É ÁMBITO

Artigo 1. Obxecto

- 1. O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas de organización e funcionamento da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello constituída conforme aos artigos 35 e 36 do TREBEP.
- 2. Así mesmo regula o procedemento para adopción dos acordos así como as restantes condicións formais de validez ou eficacia derivados dos mesmos, nos termos establecidos no artigo 38 do TREBEP.

Artigo 2. Ámbito de aplicación e actuación

- 1. Estas normas serán aplicables á Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo como órgano de negociación para todas aquelas materias e condiciones de traballo comúns a ambos tipos de persoal empregado público.
- 2. O ámbito de actuación da Mesa Xeral de Negociación Conxunta estenderase ao persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo, exercendo as súas funcións con respecto ás materias comúns previstas na lexislación aplicable na materia.

Artigo 3. Principios básicos da actuación negocial

- 1. A negociación, dentro do seu ámbito respectivo e en relación coas competencias sobre as materias que son propias efectuarase por ambas as partes baixo o establecido no Capítulo IV, Título III do Estatuto Básico do Empregado Público e conforme aos principios de legalidade, cobertura orzamentaria, obrigatoriedade, boa fe negocial, publicidade e transparencia, coa finalidade de mellorar as condicións de traballo dos empregados



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 24 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

públicos, buscando unha maior eficacia e eficiencia no funcionamento da Administración e a calidade do servizo que se presta aos cidadáns.

2. A boa fe, lealdade e cooperación na negociación implicará que as partes se facilitarán cantos datos, informes e documentación sexa necesaria para o bo desenvolvemento de negociación dentro dos límites marcados pola Lei.

CAPÍTULO II. COMPOSICIÓN E ORGANIZACIÓN

Artigo 4.- Representatividade e composición da mesa

1. A Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello é un órgano de composición paritaria, priorizando que se poida cumprir co establecido na lexislación en materia de igualdade de xénero. Neste sentido están lexitimados para estar presentes na mesma, por unha banda, os/as representantes da Administración correspondente, e por outra banda as organizacións sindicais máis representativas tomando en consideración os resultados obtidos nas eleccións aos órganos de representación do persoal funcionario e laboral deste Concello.

2. De conformidade cos criterios de representación establecidos nos artigos 35.1 e 36.3 do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigos 6 e 7 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical, a Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo estará integrada, dunha banda, pola representación do Concello, e, por outra, pola representación das organizacións sindicais lexitimadas para iso en proporción á súa representatividade.

3.- A lexitimación para formar parte da Mesa corresponderá nos termos legalmente previstos

- a) Ás organizacións sindicais máis representativas a nivel estatal.
- b) Ás organizacións sindicais máis representativas a nivel da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Aos sindicatos que obtivesen nas eleccións sindicais do Concello o 10% de representantes tanto para o persoal funcionario como para o laboral.

4.- Conforme ao artigo 35 do TREBEP, a Mesa estará formada polas persoas que designen as dúas partes negociadoras, establecéndose a composición numérica das Mesas correspondentes sen que ningunha das partes poida superar o número de quince membros:

- Vogais designados pola Corporación: a designación dos membros representativos do Concello, vogais e Secretaría da Mesa, así como as persoas suplentes realizarase mediante Resolución da Alcaldía ou do titular da concellería en que delegue a competencia en materia de recursos humanos.

-Vogais por parte das Organizacións Sindicais: a representatividade de cada unha das organizacións sindicais lexitimadas para estar presentes na Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral determinarase, conforme ao art. 36 de TREBEP, en proporción a suma do conxunto dos representantes obtidos por cada unha delas nos órganos de representación unitarios, Xunta de Persoal e Comité de Empresa. Dita representatividade expresada en porcentaxe será fixada na resolución de composición numérica que se dite tralas eleccións sindicais e determinará o peso do voto ponderado de cada organización sindical.

Non obstante, por acordo de ambas partes poderase establecer a composición da Mesa nun membro vogal por cada organización sindical lexitimada para estar presente na Mesa, correspondendo igual número de membros vogais á parte do Goberno.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 25 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5. Cada unha das partes negociadoras poderá designar os membros suplentes en número non superior ao de titulares, cos mesmos dereitos que o titular. As organizacións sindicais comunicarán, por escrito, á Secretaría da Mesa o nome das persoas titulares e as súas suplentes, que poderán actuar indistintamente, sen superar en ningún caso o número que corresponda a cada organización sindical. Dita designación poderá ser modificada en calquera momento. Cando asista á reunión a persoa titular e a súa suplente, entenderase que este último faino en calidade de asesor ou asesora, suxeitándose aos límites da devandita figura.

6. Na composición da mesa procurarase a presenza equilibrada de mulleres e homes conforme a o Plan de Igualdade do Persoal ao Servizo do Concello de Vigo (medida 4.2),

7. As partes negociadoras poderán contar coa asistencia nas deliberacións de asesores ou asesoras, que intervirán con voz, pero sen voto. As persoas asesoras serán como máximo dúas por cada organización sindical, que poderán participar nos debates cando o membro titular lle ceda a quenda de palabra.

Artigo 5.- Constitución da Mesa

1. Conforme ao artigo 35.1 do TREBEP a Mesa quedará validamente constituída cando, ademais da representación do Concello de Vigo e sen prexuízo do dereito de todas as organizacións sindicais lexitimadas a participar nelas en proporción á súa representatividade, tales organizacións sindicais representen, como mínimo, a maioría absoluta en voto ponderado.

2. Ademais, para a valida celebración das sesións, a efectos de deliberacións e toma de acordo, requírese a asistencia da persoa que ocupe a Presidencia e da persoa que ocupe a Secretaría da Mesa, ou, no seu caso de quen os substitúa.

Artigo 6.- A Presidencia

1. O/a presidente/a da Mesa Xeral será o Alcalde ou Alcaldesa ou concelleiro/a en que delegue a competencia en materia de recursos humanos. No caso de vacante, ausencia, enfermidade, ou outra causa legal, o/a Presidente/a será substituído/a seguindo o réxime de substitución previsto na lexislación de réxime local para concelleiros/as delegados/as.

Corresponderá á Presidencia da Mesa

a)Acordar a convocatoria das sesións da mesa, a iniciativa propia ou a proposta da maioría absoluta das organizacións sindicais lexitimadas.

b)Fixar a orde do día, tendo en conta, no seu caso, as peticións das organizacións lexitimadas formulada por maioría no período conferido ao efecto e sexan competencia da mesa de negociación.

c)Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

d)Dar por concluído o punto da orde do día cando a cuestión estea suficientemente debatida.

e)Asegurar o cumprimento das leis.

f)Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.

g)Impulsar a tramitación e execución dos acordos adoptados na Mesa.

h)Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente/a da Mesa.

Artigo 7.- A Secretaría



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 26 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Secretaría da Mesa de Negociación corresponderá a persoal funcionario do grupo A, subgrupo A1 pertencente a rama xurídica designado pola concelleiro/a delegado en materia de recursos humanos.

Corresponde á Secretaría da Mesa

- Asistir ás reunións con voz pero sen voto.
- Efectuar a convocatoria das sesións por orde da Presidencia, así como as notificacións aos membros da Mesa Xeral.
- Recibir dos membros da Mesa Xeral os actos de comunicación, notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
- Redactas as actas das sesións
- Computar o resultado das votacións.
- Expedir certificacións dos acordos aprobados.
- Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario/a, incluíndo informar aos membros da Mesa Xeral sobre o estado dos acordos adoptados na anterior acta aprobada.

Artigo 8.- Os membros.

1. Corresponde aos membros da mesa

- Recibir, cunha antelación de cinco días, o anuncio previo a convocatoria das sesións ordinarias.
- Recibir, cunha antelación mínima de dez días para as sesións ordinarias e extraordinarias, a convocatoria contendo a orde do día das reunións, estando a información sobre os temas que figuren na orde do día a súa disposición en igual prazo.
- Recibir cunha antelación mínima de dous días hábiles para as sesións extraordinarias prazo que poderá reducirse en casos de situacións extraordinaria ou forza maior nos termos do artigo 11.3.
- Participar nos debates das sesións.
- Exercer o seu dereito ó voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- Formular rogos e preguntas.
- Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de membros da Mesa Xeral.

2. Os membros da Mesa non poderán exercer estas funcións cando conorra calquera motivo de abstención previsto na lei. As responsabilidades e obrigas dos membros da Mesa Xeral son as que se contemplan na lexislación vixente con carácter xeral para a representación sindical e para o persoal empregado público no exercicio das súas funcións, establecéndose o deber de sxiilo profesional das informacións a que tivesen acceso como consecuencia da súa actuación como membros da Mesa, nos termos do establecido nos artigos 52 a 54 do TREBEP.

Artigo 9. Materias obxecto de negociación

A Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello exercerá as súas funcións con respecto ás materias previstas na lexislación aplicable e vixente en cada caso. Concretamente as referidas no artigo 37 do TREBEP, así como tamén aquelas outras que poidan ser obxecto desta, a condición de que se trate de materias comúns que reciban un tratamento unitario, para ambas clases de persoal empregado público.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 27 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Artigo 10. Asuntos excluídos da negociación colectiva

Con todo, non estará suxeito a negociación

- a) As potestades de organización do Concello sempre que non teñan repercusión sobre as condicións de traballo do persoal empregado público.
- b) A regulación do exercicio dos dereitos da cidadanía e das persoas usuarias dos servizos públicos, así como o proceso de formación dos actos e disposicións administrativas.
- c) A determinación das condicións de traballo do persoal directivo.
- d) Os poderes de dirección e control propios da relación xerárquica.
- e) A regulación e determinación concreta, en cada caso, dos sistemas, criterios, órganos e procedementos de acceso ao emprego público e a promoción profesional.

CAPÍTULO III.- NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Artigo 11.- Sesións

1.- A Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello reunirse nas dependencias do Concello que ao efecto se habiliten, con carácter ordinario, dúas veces o ano.

2. As convocatorias das sesións ordinarias, xunto coa correspondente orde do día, enviaranse cunha antelación mínima de dez días hábiles a data de celebración. Previamente, a Secretaría comunicará á parte sindical anuncio previo de convocatoria cunha antelación mínima de cinco días hábiles, para que poida efectuar a súa proposta de orde do día. As propostas das materias a incluír na orde do día deben formularse en termos concretos e debidamente motivadas ao obxecto de que poidan ser obxecto de estudo previo para a correcta abordaxe do proceso negocial.

2.- Así mesmo, a Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello reunirse con carácter extraordinario, previa convocatoria da Presidencia cunha antelación mínima de dez días hábiles,

- a) A instancias da Presidencia, con base na urxencia dos asuntos a tratar.
- b) Por acordo entre a representación da Administración e das organizacións sindicais presentes, que poderá producirse ao finalizar cada sesión, con fixación da data de convocatoria.
- c) Por decisión da maioría absoluta das organizacións sindicais presentes na respectiva Mesa que igualmente poderá ser expresada ao finalizar cada sesión.

3.- Non obstante, en casos de extraordinaria urxencia debidamente motivada, poderase convocar sesións cunha antelación mínima de dous días hábiles, prazo que poderá reducirse en casos de situacións extraordinaria ou forza maior. As sesións extraordinarias e urxentes deberán incluír no seu primeiro punto da orde do día a ratificación da urxencia, que deberá ser aprobada polas maioría sindical mediante o sistema de voto ponderado e pola representación da Administración.

4.- A documentación íntegra dos asuntos da orde do día que deban servir ao debate, e no seu caso votación, deberán figurar a disposición dos integrantes da mesa, a través de medios electrónicos, dende o mesmo día da convocatoria. Con carácter previo aos informes que garanten a viabilidade técnica, xurídica e económica do expediente, poderá someterase a negociación unha proposta técnica debidamente asinada.

5.- A sesión da mesa correspondente, convocada en tempo e forma, quedará validamente constituída en tanto que os membros das organizacións sindicais presentes e membros da Administración, representen a maioría absoluta de cada unha das partes conforme ao voto



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 28 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ponderado determinado na constitución xunto coa persoa titular da Presidencia e Secretaría.

6.- As sesións serán convocadas en horarios que non obstaculicen a conciliación das persoas que asistan á mesma conforme a o Plan de Igualdade do Persoal ao Servizo do Concello de Vigo (medida 4.3).

Artigo 12.- Orde do día.-

1. A orde do día das reunións e convocatorias ordinarias conterà os seguintes puntos:

- a) Aprobación da acta da reunión anterior.
- b) Asuntos a tratar na reunión.
- c) Rogos e preguntas: que poderán versar sobre calquera outro asunto non incluído na orde do día e que poida dar lugar ao inicio de negociación e/ou a solicitude de información.

2. Polo que respecta ás extraordinarias, sexan ou non urxentes, a orde do día limitarase aos asuntos para os que se convocou , sen que poidan incluírse rogos e preguntas.

3. Conforme ao artigo 17.4 da Lei 40/2015, non poderán ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que asistan todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría da Mesa.

4. A petición expresa dalgún membro da mesa farase constar en acta o posicionamento ou opinión con respecto a algún punto da orde do día.

5. Cando a acumulación de asuntos sexa considerable e resulten imposible tratalos todos, a Mesa Xeral poderá acordar a orde en que deberán ser debatidos, quedando incluídos no orde do día da sesión seguinte aqueles temas non tratados.

6. A mesa poderá decidir a constitución dos grupos de traballo que considere oportunos para a preparación das propostas que deban ser estudadas e aprobadas por ela.

Artigo 13.- Actas

1.- De cada sesión ou reunión que celebre a mesa levantarase acta, que conterà, polo menos:

- Lugar e data da celebración.
- Hora de comezo e finalización da reunión.
- Nome e apelidos das persoas asistentes de cada unha das partes e a súa representatividade.
- Carácter ordinario ou extraordinario da convocatoria, con indicación da súa urxencia, no seu caso.
- Asuntos comprendidos na orde do día, así como os acordos ou pactos que se adopten, ou no seu caso, indicación de non chegarse a ningún acordo ou pacto.

Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros da Mesa Xeral, o voto ou pronunciamento contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto ou pronunciamento favorable. Calquera integrante da mesa ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou no prazo que sinale a Presidencia, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose constar na acta ou uníndose copia á mesma.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 29 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O borrador da acta remitirase con suficiente antelación a todos os membros titulares para a súa aprobación na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

2.- Aos efectos da confección das actas poderase gravar a sesión do cal se informará aos integrantes da mesa. Dita gravación terá o carácter de información auxiliar e de apoio e unha vez aprobada a acta procederase a súa eliminación.

3.- As actas, unha vez aprobadas, serán asinadas pola persoa titular da Secretaría, co visto e prace do titular da Presidencia.

4.- Poderán expedirse certificacións dos acordos da Mesa antes de ser aprobadas as actas que os conteñan, sempre que se faga a advertencia ou condición neste sentido e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente.

Artigo 14.- Dos acordos

1.- Os acordos da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello requirirán para súa validez, o acordo da maioría de cada unha das representacións:da administración e da parte sindical.

2. Considerando o criterio da proporcionalidade para conformar a unidade de voto da parte da representación sindical, deberá seguirse o sistema de voto ponderado que cada organización sindical ostente segundo a resolución de composición numérica que se dite tralas eleccións sindicais.

3.- O acordos da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral requirirán para a súa validez e eficacia a aprobación expresa e formal polo órgano competente.

Disposición Adicional Primeira. Renovación dos membros das Mesas

1. A representación da Administración será renovada en caso de reestruturación da Corporación que afecte á mesma.

2. A renovación de representación das Organizacións Sindicais producirase cada catro anos cando conclúa o último proceso electoral sectorial. Con todo, será de aplicación o apartado 1 da disposición adicional primeira da Lei orgánica de liberdade sindical e o artigo 35.2 do TREBEP.

Disposición Adicional Segunda. Normas de aplicación

1. No non previsto neste Acordo, estarase ao disposto no Capítulo IV do RDL 5/2015 do 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público e, supletoriamente, na lexislación que regule o réxime xurídico dos órganos colexiados das Administracións Públicas, e demais normas de aplicación.

2. O establecido neste Regulamento será de aplicación, con carácter supletorio, ás mesas de negociación que carezan de normas propias de funcionamento, agás no que se refire á composición.

Disposición Final Única. Publicación e entrada en vigor



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2025 12:53

Páxina 30 de 58

5118-1101

CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Este regulamento será publicado no Boletín Oficial da Provincia e producirase a súa entrada en vigor unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local.

5.- (130). SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE LABORAL DE EMPREGADA MUNICIPAL. EXPEDIENTE 47163/220 (EXPTE. PLENO 5062/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 12 de agosto de 2025, o técnico de Admón. Xeral co conforme da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, da concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación e da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite o seguinte informe proposta,

«ANTECEDENTES

I.-Por acordo do plenario do Concello de Vigo de data 31 de marzo de 2025, acordouse estimar a solicitude de autorización de compatibilidade á funcionaria Dº B. Arranz González, enxeñeira industrial do subgrupo A1, con número de persoal 83606, coa actividade de profesora substituta a tempo parcial na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros/as Industriais da Universidade de Vigo, Grao de Enxeñaría Eléctrica, perdendo o seu efecto unha vez se modifiquen algunha das circunstancias actuais que motivaron a autorización.

II.- Dº B. Arranz González, empregada municipal con número de persoal 83606, con praza e posto de enxeñeira industrial, pertencente ao subgrupo A1, solicita nova autorización de compatibilidade coa actividade de profesora substituta a tempo parcial, na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais da Universidade de Vigo, para curso completo, achegando a seguinte documentación:

1. Certificado de compatibilidade de horarios emitido polo secretario do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Fluídos da Universidade de Vigo e co número de horas a impartir en todo o curso académico (90 horas en total).

2. Certificado de retribucións emitido pola xefa de servizo de Retribucións e Seguros sociais da Universidade de Vigo.

III.- Consta incorporado ao expediente (trámite 19) o seguinte certificado do expediente 46081-220, de data 03/02/2025 sobre a vinculación profesional da solicitante co Concello de Vigo, situación que se mantén a data de hoxe:

*"En relación coa petición efectuada por Dª. B. ARRANZ GONZALEZ con DNI , ***7035** na solicitude presentada no rexistro web en data 01/02/2025, documento administrativo 250023563, e que forma parte do presente expediente electrónico, infórmase o seguinte:*

*Que segundo os datos existentes nesta Área de Recursos Humanos e Formación, compróbase que, salvo erro ou omisión, Da. B. ARRANZ GONZALEZ con DNI , ***7035**, é empregada pública, Funcionaria de carreira con praza de Enxeñeira industrial (subgrupo A1), dende 16/09/2019 e continuando a prestar servizos na actualidade no Concello de Vigo, adscrita ao servizo Electromecánicos, con domicilio de traballo en Praza do Rei no 1 de Vigo, sendo actualmente o horario de 07:30 horas a 15:00 horas."*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2025 12:53

Páxina 31 de 58

5118-1101

CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

IV- Consta incorporado ao presente expediente informe da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos de data 14/02/2025 (trámite 18) sobre as retribucións municipais da solicitante:

*"Visto o informe técnico solicitado en relación as retribucións anuais da empregada municipal B. ARRANZ GONZÁLEZ, nº persoal 83606, infórmase:
As retribucións anuais do posto ao que se atopa adscrita a devandita funcionaria (281 – Enxeñeiro/a Industrial), son as seguintes*

Posto	281 – Enxeñeiro/a Industrial	
Subg de		
Titulación	A1	17.560,44 €
C. Destino	26	11.695,32 €
C. Especifico	680	21.252,42 €
	Total	50.508,18 €

-*A partir do mes de agosto de 2025, aplicárase o incremento do 0,5%, das retribucións do persoal ao servizo do sector público, previsto no artigo 6.2 do Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de xuño, en aplicación da Orde PJC/681/2025, de 1 de xullo, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 1 de xullo de 2025.

V.- Segundo o certificado da Universidade de Vigo achegado pola propia solicitante sobre as retribucións que lle corresponderían pola actividade de profesora, estas ascenderían a cantidade en bruto de 473,20€ mensuais.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público.

- O réxime de incompatibilidades do persoal ao servizo do sector público vén definido pola Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas. A dita norma ten plena vixencia na actualidade, coa aprobación do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, estando incluído no seu ámbito de aplicación o persoal funcionario e o persoal laboral, en calquera das modalidades legalmente previstas (artigo 2.2 da norma específica indicada).

A Lei 53/1984 distingue por unha parte o réxime propio das incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas e por outro con actividades privadas.

En relación coas incompatibilidades con outros postos ou actividades públicas, a Lei establece a regra xeral de non compatibilidade do posto público con “ el desempeño, por si o mediante substitución, de un segundo puesto de trabajo, cargo o actividad en el sector público, salvo en los supuestos previstos en la misma ” (artículo 1.1); que o desenvolvemento de posto público “ será incompatible con el ejercicio de cualquier puesto, cargo o actividad, público o privado, que pueda impedir o menoscabar el estricto cumplimiento de sus deberes o comprometer su imparcialidad o independencia” (artículo 1.3) e que o desempeño de posto público “ es incompatible con la percepción de la pensión de jubilación o retiro por Derechos Pasivos o por cualquier régimen de Seguridad Social público y obligatorio ” (artigo 3.2).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 32 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Lei establece o réxime de retribución única, dispoñendo que “no se podrá percibir, salvo en los supuestos previstos en la Ley, más de una remuneración con cargo a los Presupuestos de las Administraciones Públicas y de los Entes, Organismos o Empresas de ellas dependiente o con cargo a los de los órganos constitucionales, o que resulte de la aplicación de arancel, ni ejercer opción por percepciones correspondientes.” (artigo 1.2).

A referida Lei, contempla algunhas excepcións ao principio xeral de incompatibilidade dunha segunda actividade pública.

Así prevé que poderase autorizar a compatibilidade para o exercicio de aquelas actividades que, “por razones de interés público, se determinen por el Consejo de Ministros, mediante Real Decreto, u órgano de gobierno de la Comunidad Autónoma en el ámbito de sus competencias”, en cuxo caso, “ la actividad sólo podrá prestarse en régimen laboral, a tiempo parcial y con duración determinada, en las condiciones establecidas por la legislación laboral.” (artigo 3.1)

Unha de esas excepcións ven referida no artigo 4.1.” Podrá autorizar la compatibilidad, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, para el desempeño de un puesto de trabajo en la esfera docente como Profesor universitario asociado en régimen de dedicación no superior a la de tiempo parcial y con duración determinada.”

O segundo apartado do referido artigo: “Al personal docente e investigador de la Universidad podrá autorizarse, cumplidas las restantes exigencias de esta Ley, la compatibilidad para el desempeño de un segundo puesto de trabajo en el sector público sanitario o de carácter exclusivamente investigador en centros de investigación del sector público..., siempre que los dos puestos vengan reglamentariamente autorizados como de prestación a tiempo parcial.

Recíprocamente, a quienes desempeñen uno de los definidos como segundo puesto en el párrafo anterior, podrá autorizarse la compatibilidad para desempeñar uno de los puestos docentes universitarios a que se hace referencia... ”

A autorización de compatibilidade esixe o cumprimento dos seguintes requisitos e límites:

1.- A autorización de compatibilidade para un segundo posto ou actividade do sector público, que, no ámbito da Administración Local, corresponde ao Pleno da Corporación Local a que figure adscrito o posto principal, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. (artigo 9)

2.- Que non supoña modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e se condiciona ao estrito cumprimento en ambos. (artigo 3.1)

3.- Que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director Xeneral, nin supere a correspondente ao principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada en:

- Un 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.
- Un 35 por 100, para os funcionarios do grupo B ou persoal de nivel equivalente.
- Un 40 por 100, para os funcionarios do grupo C ou persoal de nivel equivalente.
- Un 45 por 100, para os funcionarios do grupo D ou persoal equivalente.
- Un 50 por 100, para os funcionarios do grupo E ou persoal equivalente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 33 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A superación de estes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Goberno, órgano competente das Comunidades Autónomas ou Pleno das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo. (artigo 7).

A Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 (actualmente prorrogada), establece no artigo 21: *"En el año 2023 las retribuciones de los ..., Directores Generales y asimilados quedan establecidas en las siguientes: cuantías de sueldo y complemento de destino, referidas a doce mensualidades, y complemento específico anual que se devengará de acuerdo con lo establecido en el artículo 26.Dos de la Ley 51/2007, de 26 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 2008.*

Director General y asimilados (Euros)

Sueldo.*	15.237,60
Complemento de destino.	16.047,60
Complemento específico.	27.763,20

Las pagas extraordinarias de los meses de junio y de diciembre incluirán, cada una de ellas, además de la cuantía del complemento de destino mensual que se perciba de acuerdo con lo dispuesto en el párrafo y cuadro anterior, el importe en concepto de sueldo que se recoge en el cuadro siguiente:

Director General y asimilados(Euros)

Sueldo.	872,90
---------	--------

*Ao que habería que engadir as subas correspondentes nas retribucións durante os anos 2023 e 2024 (2,5%) e 2025 (0,5%).

Á vista das retribucións municipais que percibe a solicitante segundo o informe técnico transcrito nos antecedentes, así como as retribucións que lle corresponderían pola actividade de profesora segundo certificado emitido pola Universidade de Vigo, a suma total estaría dentro dos límites establecidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas para poder autorizar a compatibilidade solicitada.

Por outra banda, o RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, norma de carácter básico ditada en cumprimento do mandato constitucional do artigo 103 da CE 1978, modifica na súa Disposición Final Terceira a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, o artigo 16 da referida Lei, indica:

"1.No podrá autorizarse o reconocerse compatibilidad al personal funcionario, al personal eventual y al personal laboral cuando las retribuciones complementarias que tengan derecho a percibir del apartado b del artículo 24 del presente Estatuto incluyan el factor de incompatibilidad al retribuido por arancel y al personal directivo, incluido el sujeto a la relación laboral de carácter especial de alta dirección.

2. A efectos de lo dispuesto en el presente artículo, la dedicación del profesorado universitario a tiempo completo tiene la consideración de especial dedicación.
O apartado 3 e 4 contempla as excepcións:

3. Se exceptúan de la prohibición enunciada en el apartado 1 las autorizaciones de compatibilidad para ejercer como profesor universitario asociado en los términos del



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 34 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

apartado 1 del artículo 4, así como para realizar las actividades de investigación o asesoramiento a que se refiere el artículo 6. de esta Ley, salvo para el personal docente universitario a tiempo completo.

4. Asimismo, por excepción, y sin perjuicio de las limitaciones establecidas en los artículos 1.3, 11, 12 y 13 de la presente Ley, podrá reconocerse compatibilidad para el ejercicio de actividades privadas al personal que desempeñe puestos de trabajo que comporten la percepción de complementos específicos, o concepto equiparable, cuya cuantía no supere el 30% de su retribución básica, excluidos los conceptos que tengan su origen en la antigüedad."

Pola súa banda o artigo 14 do RD 598/85, de 30 de abril, establece: "*En todos los puestos en que la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, o este Real Decreto se refieren a puestos de trabajo con jornada de tiempo parcial, se ha de entender por tal aquella que no supere las treinta horas semanales*".

O tema de incompatibilidades do persoal das administracións públicas está en continua evolución a través do tratamento e análise que ao respecto se dá por parte da xurisprudencia nos últimos anos (citando a título de exemplo as sentenzas STS 5378/2019, de 26/04/2019 ou STS 4705/2023, de 16/11/2023, entre outras).

Á última sentenza a destacar neste ámbito é a STS 1.022/2024, do 10/06/2024 (recurso de casación 1789/2022).

Nela trátase de determinar se, para o criterio legal que establece o límite das retribucións que delimitan o ámbito de compatibilidade da función pública coas actividades privadas (no marco de aplicación do artigo 16.4 da lei), deberá terse en conta só aquel compoñente do complemento específico efectivamente cuantificado en razón das funcións concretas de cada posto de traballo, ou tamén aquela parte do complemento específico que nada ten que ver coas características específicas do posto, senón que é uniforme para cada emprego o categoría.

A conclusión do alto Tribunal é favorable neste caso aos intereses do interesado, delimitando a parte concreta do complemento específico que afecta á hora de realizar a cuantificación;

(...) "la conclusión ha de ser que solo aquel componente del complemento retributivo que en realidad guarda relación con las características de cada puesto de trabajo puede razonablemente ser tenido en cuenta a la hora de calcular si se supera el 30% de las retribuciones básicas y, por tanto, si cabe la compatibilidad con una actividad privada. La solución opuesta pecaría de vacío formalismo y, sobre todo, podría resultar aleatoria: superar o no el citado techo del 30% dependería de qué conceptos retributivos -cualquiera que sea la finalidad de los mismos- se encuadran dentro del complemento específico. Dicho de otro modo, la rígida interpretación llevada a cabo por el acto administrativo recurrido y la sentencia impugnada solo sería convincente si estuviera rigurosamente prohibido que el complemento específico comprenda nada ajeno a las características de cada puesto de trabajo."

Sen prexuízo da nova interpretación xurisprudencial exposta, cómpre lembrar unha vez máis que, a solicitude da interesada no presente expediente é para unha actividade pública de profesora universitaria, quedando á marxe pois do suposto analizado na propia sentenza e referida ao artigo 16.4 da lei, de aplicación no ámbito de compatibilidades con actividades privadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 35 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

No presente caso, constan incorporados ao presente expediente:

-Certificado de compatibilidade de horarios emitido polo secretario do Departamento de Enxeñaría Mecánica, Máquinas e Motores Térmicos e Flúidos da Universidade de Vigo e co número de horas a impartir a tempo parcial en todo o curso académico (90 horas en total), que acredita a non modificación da xornada de traballo e o horario da traballadora no Concello de Vigo.

-Certificado de retribucións a percibir polo desenvolvemento do traballo na Universidade de Vigo (473,20€ mensuais brutos).

-Informe sobre as retribucións municipais da solicitante.

Á vista da análise da citada documentación, a compatibilidade non suporía a modificación da xornada de traballo e o horario da empregada no Concello de Vigo, nin a conculcación dos límites porcentuais e das retribucións brutas anuais establecidas legalmente.

II.- Órgano competente

A competencia para o outorgamento o denegación da autorización da compatibilidade solicitada corresponde ao Pleno da Corporación, segundo establece o artigo 9 da mencionada Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, polo que se eleva ao órgano competente, previo conforme da concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (delegacións da Alcaldía mediante resolución de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de 13/06/2025); a seguinte.../...»

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 5 de setembro de 2025, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN:

•Votos a favor: vinte e dous (22) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•Abstencións: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO

Con vinte e dous votos (22) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2025 12:53

Páxina 36 de 58

5118-1101

CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de autorización de compatibilidade á funcionaria de carreira D^o B. Arranz González, enxeñeira industrial do subgrupo A1, con número de persoal 83606, coa actividade de profesora substituta a tempo parcial na Escola Técnica Superior de Enxeñeiros/as Industriais da Universidade de Vigo, perdendo o seu efecto unha vez se modifiquen algunha das circunstancias actuais que motivaron a autorización.

SEGUNDO.- A autorización non poderá conlevar diminución da xornada normal de traballo nesta administración municipal, nin afectar ao seu horario, nin superar as retribucións brutas anuais por ámbolos dous postos, cos limites reseñados na presente proposta.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada e á xefatura da Área de Fomento, indicándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito."

6.(131). DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2026. EXPEDIENTE PLENO 5068/1101.

ANTECEDENTES: Con data 21 de agosto do 2025, a concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite a seguinte proposta,

«Determinación dos festivos locais no termo municipal de Vigo para o ano 2026. Aprobación.

O artigo 37.2, paragrafo primeiro, do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, establece un máximo de catorce festas laborais ao ano, con carácter retribuído e non recuperable, das cales dous serán locais.

No mesmo senso o artigo 46 do RD 2001/1983, do 28 de xullo determina que serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición séxanlle propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente– e publicándose no «Boletín Oficial da Comunidade Autónoma» e, no seu caso, no «Boletín Oficial da Provincia» respectiva.

No DOG núm. 117 do 20/06/2025 se publica o Decreto 46/2025, do 9 de xuño, "polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2026".

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia (registro de entrada núm. R20250068416 do 20/06/2025, cód. doc. 250143722) solicita dos



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2025 12:53

Páxina 37 de 58

5118-1101

CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

concellos que sinalen os dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable dentro do seu termo municipal para 2026.

Polo exposto, previo ditame da Comisión Informativa competente, procede propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: [...]»

Deseguido a concelleira emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 5 de setembro de 2025, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN:

- Votos a favor: vinte (20) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, mais tres (3) dos membros do grupo municipal do do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Abstencións: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO

Con vinte votos (20) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), mais tres (3) dos membros presentes do grupo municipal do do BNG, e cinco (5) abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Sinalar as seguintes datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito do termo municipal de Vigo para o ano 2026.

- o día 28 de marzo de 2026, Festa da Reconquista.
- o día 17 de agosto de 2026.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais. Traballo Autónomo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

***.- Incidencia.** *En cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

MOCIÓNS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 38 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.(132). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A VAGA DE LUMES FORESTAIS QUE ASOLOU GALIZA NO MES DE AGOSTO E AS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITAR QUE SE REPITA ESTA CATÁSTROFE MEDIANTE UNHA POLÍTICA DE PREVENCIÓN E UNHA XESTIÓN INTEGRAL DO MEDIO. EXPTE. 5089/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de setembro de 2025, número 5089/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"SOBRE A VAGA DE LUMES FORESTAIS QUE ASOLOU GALIZA NO MES DE AGOSTO E AS MEDIDAS NECESARIAS PARA EVITAR QUE SE REPITA ESTA CATASTROFE MEDIANTE UNHA POLÍTICA DE PREVENCIÓN E UNHA XESTIÓN INTEGRAL DO MEDIO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Galiza viviu no pasado mes de agosto unha das peores vagas de lumes forestais da súa historia recente. A desolación e a ferida aberta que esta catástrofe ambiental, social e económica deixou en gran parte do noso territorio (nomeadamente nas comarcas do suroeste) son palpábeis e esixen unha reacción inmediata e contundente.

En canto ás dimensións reais do desastre, o sistema europeo Copernicus fixo unha estimación de máis de 143.000 hectáreas queimadas no mes de agosto (145.000 en todo o ano), mentres que a Xunta deu uns datos sensibelmente inferiores: 108.411 en agosto e 110.994 en todo o ano.

Esta vaga de lumes, máis que unha praga bíblica, ou unha acción atribuíbel soamente a mentes perturbadas, é a consecuencia directa dunha xestión absolutamente negligente por parte do Goberno galego, tanto na prevención como na xestión da emerxencia.

O modelo de loita contra o lume do Partido Popular demostrou, unha vez máis, o seu absoluto fracaso. A falta de planificación, de prevención e de recursos eficientes por parte da Xunta converteu a situación nunha auténtica catástrofe. A xestión foi errática, sen a coordinación necesaria, deixando a moitas brigadas e concellos traballando en circunstancias extremadamente adversas e, en moitos casos, en total desamparo. Malia o esforzo heroico de brigadas, veciñanza e persoas voluntarias —a quen queremos agradecer e recoñecer publicamente o seu labor—, a política forestal do PP non está á altura das necesidades dun país co 70% da súa superficie arbórea.

Esta vaga de lumes deixa unha lección clara: non podemos seguir como estabamos. A raiba, a dor e a indignación ante unha catástrofe que podería terse evitado deben traducirse en acción política. A Xunta de Galiza non pode seguir respondendo con silencio, resignación ou a rutina de promesas baleiras e propaganda. O uso político partidista e carroñeiro que o PP quixo facer no medio dos peores incendios da nosa historia é inadmisíbel. Galiza merece un modelo de monte e de rural diferente, que xere riqueza, poña en valor a nosa contorna natural e que nos protexa de forma efectiva.

É por iso que urxe un cambio estrutural e unha estratexia integral sobre o conxunto do territorio que teña como obxectivo evitar que un desastre deste tipo se volva a repetir. Fronte ás políticas fracasadas do pasado, Galiza precisa unha alternativa de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 39 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

futuro para o noso medio rural, un plan que procure a atención inmediata ás persoas afectadas, a recuperación ambiental real, un novo modelo de monte multifuncional, unha prevención estrutural e eficaz, e a revitalización socioeconómica do rural.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1Instar á Xunta de Galiza a:

1.1Poñer en en marcha dun Fondo de Recuperación Económica, Social e Ambiental Xunta-Estado para facer fronte aos danos da vaga de lumes. Este fondo deberá incluír axudas directas de até 200.000 € para a reconstrución de vivendas e unha achega de até 6.000 € para autónomos, pequenas e medianas empresas e a economía social, coa mínima burocracia posíbel.

1.2Desenvolver un Plan de Emprego Verde de restauración ambiental das áreas afectadas, que se centrará na restauración ecolóxica, a protección da biodiversidade e a recuperación dos solos.

1.3Aprobar unha moratoria inmediata e indefinida a novas plantacións de eucalipto para reconducir a política forestal cara a un modelo de monte ordenado e multifuncional que xere riqueza e que sexa máis resiliente fronte aos lumes.

1.4Duplicar os fondos de prevención nos dous próximos anos

1.5Acometer o reforzo e a profesionalización dos servizos públicos de prevención e extinción, incluíndo a creación de 70 brigadas móbiles de vixilancia e a dotación de medios e equipos adecuados para o ataque a grandes incendios. Tamén, garantir a mellora das condicións laborais do persoal do servizo.

1.6Revisar o marco competencial actual en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, nomeadamente en relación coa xestión das redes secundarias de faixas de biomasa, co obxecto de que sexa a Xunta quen asuma a execución subsidiaria das tarefas de limpeza nos casos de incumprimento por parte dos titulares e nas parcelas de propiedade descoñecida.

1.7Impulsar a revitalización socioeconómica do rural, promovendo a mellora dos servizos, o incremento do financiamento dos concellos e alternativas produtivas sostíbeis e que fomenten a mobilización de terras para a produción sustentábel de alimentos.

1.8Asumir e depurar responsabilidades políticas por parte dos máximos responsábeis do Goberno galego, comezando polo presidente da Xunta, Alfonso Rueda, pola súa xestión absolutamente negligente e por converter a vaga de lumes nunha auténtica catástrofe que podería terse evitado.

2Instar ao Goberno municipal a liderar, en cooperación con outras administracións e en colaboración coa Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común, a execución do Anel Verde e a creación de faixas de protección pasiva e estratéxica, así como a dotar as comunidades de montes de máis recursos para o adecuado mantemento e valorización dos montes da cidade e o desenvolvemento de labores preventivas durante todo o ano.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 40 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3Apoiar a manifestación nacional convocada pola Plataforma Por Un Monte Galego Con Futuro para o vindeiro domingo 14 de setembro, ás 12h desde a Alameda de Santiago de Compostela, sob o lema "A política forestal da Xunta é quen nos queima! Por un monte galego con futuro. Lumes Nunca Máis", adherindo ás reivindicacións que a motivan."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- Votos a favor: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións: dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.

ACORDO:

Con tres votos (3) a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e dezasete (17) abstencións dos membros presentes do grupo municipal Socialista o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 9.09.25 (Rex. Nº 5089/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "*Sobre a vaga de lumes forestais no mes de agosto e as medidas necesarias para evitar que se repita esta catástrofe mediante unha política de prevención e unha xestión integral do medio*" cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(133). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A POLÍTICA AEROPORTUARIA DO GOBERNO LOCAL E A DECISIÓN DE RYANAIR DE ABANDONAR PEINADOR. EXPTE. 5091/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de setembro de 2025, número 5091/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A POLÍTICA AEROPORTUARIA DO GOBERNO LOCAL E A DECISIÓN DE RYANAIR DE ABANDONAR PEINADOR

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A decisión de Ryanair de cancelar a súas operacións en Peinador a partir do vindeiro 1 de xaneiro pon en evidencia, unha vez máis, a errática política aeroportuaria do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 41 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

gobierno local que logo de 18 anos deixará unha terminal baleira de conexións internacionais e cada vez con menos voos domésticos.

Unha política baseada na subvención directa ás compañías, como é o caso de Ryanair co Vigo-Londres, que en todos estes anos ten consumido millóns de euros das arcas municipais sen que ao fin dos contratos nin unha soa compañía aérea teña consolidado esa ruta para continuar coa mesma a mercado.

De feito, a marcha da compañía irlandesa deixará a Peinador con só catro destinos: Gran Canaria, Tenerife, Madrid y Barcelona. Este último destino, por certo, foi tamén operado por Ryanair por conta e risco ata a súa decisión de deixar de operalo o pasado 1 de abril por mor das taxas que cobra AENA nas terminais rexionais.

Unha política de AENA, empresa que conta co Estado como socio maioritario, que está máis centrada en maximizar os seus beneficios económicos, máis de 1.900 millóns de euros o pasado ano, que en equilibrar o territorio aeroportuario español, potenciando aos grandes aeroportos fronte ás terminais rexionais. O resultado, xa que logo, é a discriminación de territorios e terminais, nomeadamente Vigo e o seu aeroporto.

Neste senso, cómpre lembrar que as competencias no tráfico aéreo e os aeroportos españois correspóndelle ao Estado e non ás comunidades autónomas nin aos concellos. É o goberno central o que debe levar a cabo unha estratexia que aposte polos aeroportos rexionais mediante unha política de taxas aeroportuarias atractiva.

É por iso que o Goberno de España e AENA deben rectificar a súa política estéril por unha que, lonxe de condenar aos aeroportos rexionais a quedar sen apenas voos, sexa quen de captar novas aeroliñas que os reforcen cunhas taxas máis competitivas.

A resposta, xa que logo, non pode ser seguir deixando que concellos como Vigo continúen a malgastar cartos públicos en contratos con empresas que unha vez rematado o seu compromiso, abandonan a cidade. De feito, hoxe Peinador ten menos voos que nunca froito da mala xestión deste goberno municipal, que non quere delegar en expertos en materia aeroportuaria.

Precisamente o asesoramento profesional pode ser a clave para a terminal olívica, á que se lle presenta unha oportunidade ante a fuxida de Ryanair de Galicia. Coa súa marcha polo aumento das taxas, Lavacolla vai perder rutas que pode atraer Vigo aproveitando o seu peso poboacional.

Ademais de asentar o fluxo de viaxes con Madrid, cómpre fortalecer a deficiente conexión con Barcelona e apostar por unir Peinador con outros aeroportos españois. Ademais, aínda que fose a medio prazo, poderíase procurar a apertura de liñas internacionais con capitais europeas consideradas estratéxicas.

ACORDOS:

1.- Instar ao Goberno de España e AENA a rectificar a súa estratexia e manter unha política de taxas aeroportuarias que faga viable e atractivas as operacións das aeroliñas nos aeroportos periféricos, como é o caso de Peinador en Vigo.

2.- Demandar de AENA que exerza as súas competencias para potenciar aos medianos e pequenos aeroportos, nomeadamente Peinador, a través un traballo activo de captación de novas rutas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 42 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- Instar ao goberno de Vigo a abandonar a súa fracasada política de subvencións ás compañías aéreas e optar pola promoción de Vigo en orixe.

4.- Aproveitar a oportunidade que se presenta iniciando canto antes, da man de expertos e profesionais do sector, unha rolda de contactos con diferentes compañías aéreas que puideran estar interesadas en operar a mercado dende o noso aeroporto."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 10 de setembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 5100/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN:

- Votos a favor: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Votos en contra: dezasete (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.
- Abstencións: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con cinco (5) votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 9.09.2025 (Rex. Nº 5091/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "Sobre a política aeroportuaria do Goberno Local e a decisión de Ryanair de abandonar Peinador", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 11:10 horas, auséntase do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Auséntanse así mesmo os concelleiros do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira e Sr. Rivas González. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de



Copia do documento - Concello de Vigo
5118-1101

Data impresión: 16/10/2025 12:53

Páxina 43 de 58

CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

9.- (134). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO XUNTA DE GALICIA A QUE ASIGNE A VIGO A PARTE PROPORCIONAL DOS FONDOS EUROPEOS SEGUNDO POBOACIÓN E AO PORCENTAXE DO PIB QUE XERA A CIDADE. EXPTE. 5092/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de setembro de 2025, número 4998/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O Goberno de España ven distribuindo ás Comunidades Autónomas un importante volume de fondos europeos para a reactivación económica tras a pandemia do COVID19.

Así, en 2022 as Comunidades Autónomas recibiron 20.628 millóns de euros dos Fondos Next Generation para financiar proxectos no ámbito das competencias autonómicas. No ano 2023 o importe transferido ás Comunidades Autónomas foi de 23.400 millóns de euros para a súa xestión directa e o despregue das inversións do Plan de Recuperación, tamén, no ámbito das competencias propias das Comunidades Autónomas. O exercicio pasado (2024), o importe distribuído foi de 28.974 millóns de euros.

Este inxente volume de recursos públicos, que chega aos 83.000 millóns de euros, ten en conta a estrutura descentralizada do noso Estado e a participación dos representantes da soberanía nacional posto que é a Comisión Mixta Congreso-Senado para a Unión Europea. É dicir, respecta o modelo de cogobernanza con outras Administracións territoriais que son, precisamente, as que teñen as competencias en educación, sanidade, vivenda, mobilidade sostible e outras.

Segundo os datos do IV Informe de Execución do Plan de Recuperación, Galicia recibiu 3.131 millóns de euros máis 441 millóns do Plan REACT EU. Polo tanto, un importante volume de recursos extra para a financiación das competencias da Xunta de Galicia. Sen embargo, o último informe do Consello de Contas pon de manifesto que:

- A Xunta de Galicia so asignou aos Concellos o 3,75 por cento dos fondos europeos que recibe.
- A Xunta de Galicia renuncia a boa parte dos fondos europeos. Un caso significativo é o da renuncia a 22 millóns de euros para escolas infantís.
- A execución dos fondos europeos dos que dispón a Xunta de Galicia apenas supera o 50 por cento de execución.
- A distribución dos fondos aos Concellos, que representa tan so o 3,75 por cento, se concentra nalgúns municipios do territorio galego e non se estende a todo o territorio.

Estos datos poñen de manifesto a total ineficacia da Xunta de Galicia, onde algunha Consellería concentra máis fondos europeos que todo o conxunto dos Concellos de Galicia e, tamén, a ausencia de reparto de fondos europeos á cidade máis poboada da Comunidade Autónoma: Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 44 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A finalidade dos fondos europeos e contribuír á recuperación e ao progreso da sociedade, permitindo contar con recursos extraordinarios para as necesidades da cidadanía e para o exercicio das competencias das Administracións

Por todo iso, se propón ao Pleno do Concello de Vigo que adopte o seguinte

ACORDO:

•Instar a Xunta de Galicia a que asigne a Vigo a parte proporcional, proveniente de Fondos Europeos que ata o de agora denegou ao concello de Vigo na súa totalidade asignándoos a outra institucións, correspondente á poboación e ao porcentaxe do PIB que xera a cidade ao conxunto da Comunidade para a execución de actuacións nas competencias autonómicas de vivenda, sanidade, educación, mobilidade, estradas, emprego e axudas ao tecido produtivo.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 10 de setembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 5099/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN:

- Votos a favor: catorce (14) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia.
- Votos en contra: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.
- Abstencións: tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

ACORDO:

Con catorce (14) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 9.09.2025 (Rex. Nº 5092/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, *“Instando á Xunta de Galicia a que asigne a Vigo a parte proporcional dos Fondos Europeos segundo poboación a ao porcentaxe PIB que xera a cidade”*, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 45 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

***.- Incidencia.** Sendo as 11:39 horas, incorpóranse ao Salón de Plenos os concelleiros Sr. Pardo Espiñeira e Sr. Rivas González, do grupo municipal Socialista. Así mesmo auséntanse da sesión a concelleira e concelleiros do grupo municipal Socialista, a Sra. Iglesias González e os Sres. Aneiros Pereira e Gómez Díaz. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e un (21) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

10.- (135). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELACIONADA CON VIGO COMO SEDE OFICIAL PARA A CELEBRACIÓN DO EXAME MIR. EXPTE. 5093/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de setembro de 2025, número 5093/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A cidade de Vigo desempeñou nos últimos anos un papel relevante como sede do exame MIR desde a súa recuperación como sede en 2021. Desde entón, a cidade olívica ha albergado ininterrompidamente o exame MIR ata a convocatoria de 2025, acollendo nesta última edición a 549 aspirantes galegos, o que representa case un 30% do total en Galicia. A sede establecida no campus de Lagoas-Marcosende demostrou óptimas condicións de infraestruturas, organización e seguridade.

Recentemente coñeceuse a decisión de excluír a Vigo como sede a partir da convocatoria de 2026, centralizando de novo a proba unicamente en Santiago de Compostela.

Esta decisión supón un retroceso en termos de descentralización, equidade territorial e de achegamento da administración á cidadanía. Ademais, a accesibilidade ás probas selectivas debe rexerse por criterios de equidade, eficiencia e cohesión territorial.

O 17 de xullo de 2025, o Ministerio de Sanidade e as CC.AA., aprobaron a orde Ministerial que establece a oferta de prazas e regula a convocatoria de probas selectivas para o acceso en 2026 á Formación Sanitaria Especializada co visto e prace do Conselleiro de Sanidade de Galicia que non defendeu manter a sede en Vigo.

Vigo, a cidade máis poboada de Galicia e a urbe máis importante do noroeste peninsular, non pode renunciar a ser sede das probas MIR. De feito, a decisión tomada ha xerado un gran rexeitamento na cidade. E o Alcalde de Vigo, encabezou de novo a defensa dos intereses da cidade para manter a Vigo como sede dos exames de MIR.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

ACORDOS:

- Reprobar a actitude da Xunta de Galicia, e nomeadamente do Conselleiro de Sanidade, D. Antonio Gómez Caamaño, por non defender a Vigo como sede oficial para a celebración do examen MIR, na reunión do pasado 17 de Xulio entre o Ministerio de Sanidade e as CC.AA, actuando de mala fé contra a cidade de Vigo.
- Instar o Goberno de España para que manteña a Vigo como sede oficial para a celebración do exame MIR garantindo así a descentralización, accesibilidade e equidade no acceso ás probas selectivas do Sistema Nacional de Saúde."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 46 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 10 de setembro de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de engádeda cuxo texto consta no expediente electrónico número 5098/1101.

DELIBERACIÓN: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN:

- Votos a favor: dezaseis (16) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (13), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.
- Votos en contra: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con dezaseis (16) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (13), mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 9.09.2025 (Rex. Nº 5093/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "Relacionada con Vigo como sede oficial para a celebración do exame MIR", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 12:00 horas ausentase do Salón de Pleno a concelleira a Sra. Sánchez Méndez do grupo municipal do Partido Popular. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte (20) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

11.(136). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REFORZAR O SERVIZO SANITARIO NAS ILLAS CÍES DURANTE A TEMPADA ALTA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 5096/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de setembro de 2025, número 5096/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 47 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As Illas Cíes, integradas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, reciben cada verán unha afluencia masiva de visitantes. Só no ano 2024, máis de 290.000 persoas accederon ao arquipélago entre o 15 de maio ao 15 de setembro, con picos diarios que superan os 1.800 visitantes. Esta presión turística, concentrada nun espazo natural de difícil acceso, xera unha elevada incidencia de accidentes e urxencias médicas.

Durante a tempada alta, prodúcese accidentes diariamente, desde queimaduras solares, cortes, caídas, traumatismos, ata episodios graves como convulsións infantís ou problemas cardíacos. O único recurso sanitario dispoñible é unha profesional de enfermaría que presta servizo presencial só 8 horas ao día, e o resto do tempo atende en remoto. Esta dotación resulta claramente insuficiente para garantir a seguridade sanitaria das persoas visitantes.

Recentemente, recibimos unha queixa formal dunha usuaria que visitou as Illas Cíes. Nela relata coma un acompañante de nacionalidade inglesa acudiu ao posto sanitario do parque. Segundo o seu testemuño, foron atendidos de forma superficial por unha profesional que non pertence ao servizo de socorrismo de Rodas. Esta usuaria destaca a escasa atención sanitaria recibida e a actitude pouco empática do persoal, o que reforza a necesidade de clarificar e reforzar o servizo sanitario no parque. Ademais de tódalas intervencións realizadas polo Servizo de Salvamento de Costas que ten que acudir en múltiples ocasións as urxencias do Parque Nacional.

O Concello de Vigo destina 850.000 euros anuais ao servizo de salvamento e socorrismo en 13 areas do municipio, incluíndo a praia de Rodas nas Illas Cíes. Este servizo en Rodas é unha axuda voluntaria que presta o Concello ao Parque Nacional, cuxa competencia sanitaria e de xestión corresponde exclusivamente á Xunta de Galicia. A pesar diso, o Concello asume o custo dos socorristas en Rodas sen recibir ningunha compensación económica por parte da administración autonómica.

As evacuacións médicas, tanto marítimas como aéreas, son frecuentes e custosas, e nalgúns casos producíronse en condicións de risco, como evacuacións nocturnas.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes:

ACORDOS

- Instar á Xunta de Galicia, como administración competente, a reforzar o servizo sanitario nas Illas Cíes durante a tempada alta, ampliando a cobertura presencial con persoal médico e de enfermaría durante as 24 horas do día.
- Solicitar a implantación dunha ambulancia náutica permanente entre o 15 de maio e o 30 de setembro, que permita unha evacuación rápida e segura ante emerxencias médicas. Ademais de garantir un servizo sanitario en todas as illas.
- Esixir que a Xunta de Galicia recoñeza ao Concello de Vigo a prestación dos servizos de socorrismo que presta na praia de Rodas.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- Votos a favor: dezaseis votos (16), dos cales trece votos (13) corresponden aos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 48 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

- Votos en contra: catro votos (4), dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón e Martín Peña.
- Abstencións: ningunha.

ACORDO

Con dezaseis votos (16) a favor, dos membros presentes dos grupos municipais do PSOE (13) e BNG (3), e catro votos (4) en contra dos membros presentes do grupo municipal do PP, e ningunha abstención, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 9.09.2025 (Rex. Nº 5096/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, "*Instando á Xunta de Galicia a reforzar o servizo sanitario nas Illas Cíes durante a tempada alta e outros acordos complementarios*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

12.- (137). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CUMPRIR COA INTEGRACIÓN NO SISTEMA PÚBLICO DE SAÚDE DA UNIDADE ASISTENCIAL CEDRO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. 5094/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de setembro de 2025, número 5094/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A Lei 2/1996, de 8 de maio de Galicia sobre Drogas establece, no Capítulo II e máis concretamente, no artigo 23, que a planificación dos obxectivos, prioridades e estratexias de actuación que en materia de drogodependencias realicen na Comunidade Autónoma, preveranse nun Plan de Galicia sobre Drogas.

A Lei galega indica as accións a realizar polo Plan nas diferentes áreas de prevención, asistencia, incorporación social, formación, investigación, coordinación e outras (...).

Dita lei, ademais, no seu artigo 29.3, tamén sinala que a Xunta "promoverá a integración da asistencia a usuarios de drogas na rede xeral de saúde e servizos sociais".

A Xunta de Galicia aprobou no seu día o Plan de Trastornos Aditivos de Galicia 2011-2016 que tiña entre os seus obxectivos "garantir unha asistencia de calidade ás persoas con problemas de adicción desde o Sistema Público de Saúde"

Lonxe destes mandatos legais e normativos, a realidade no ano 2025 é ben outra. Case 30 anos despois da aprobación da Lei que propugna a integración da asistencia a usuarios de drogas na rede dos sistema público de saúde, o certo é que o proceso de transferencia das Unidades Asistenciais que aínda son titularidade dos Concellos está parada e sen avances, nin cronograma.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2025 12:53

Páxina 49 de 58

5118-1101

CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

O certo é que o Plan de Trastornos Aditivos de Galicia está caducado dende hai case unha década e sen ningún interese por parte do Goberno do PP en aprobar un novo Plan, reiteradamente demandado, por ser imprescindible aliñar as estratexias de prevención dos Concellos coa estratexia autonómica, para garantir un mínimo de coordinación, en aras dunha maior eficacia e eficiencia.

O certo é que a Xunta de Galicia, entanto, asina convenios nominativos con entidades privadas, cuestión á que non nos opoñemos, segue a infrafinanciar os plans locais de drogodependencias e outras adicións, como é o caso do Concello de Vigo, mediante subvencións rogadas en concorrencia competitiva que, por certo este ano, aínda non foi obxecto de convocatoria por parte da Xunta de Galicia, cando xa estamos no último trimestre do ano.

A día de hoxe, a última convocatoria caducou o pasado mes de xuño e son moitos os concellos galegos que tiveron que suspender as actividades de prevención por non poder financiar as competencias propias da comunidade autónoma.

Non é o caso do Concello de Vigo que continúa a súa programación e acaba de lanzar para o novo curso escolar máis de 300 actividades, talleres e cursos de prevención, sensibilización e concienciación, todo isto, sen que a Xunta de Galicia teña aprobada a convocatoria de subvencións para o ano 2025, a golpe de mes de setembro.

O Concello de Vigo está a traballar no IV Plan Local de Drogas e outras adicións, que será aprobado neste ano 2025. É unha mágoa que o marco estratéxico de aprobación deste Plan deba ancorarse exclusivamente na Estratexia europea e nacional, dado que a Xunta de Galicia leva dende o ano 2016 sen aprobar, segundo o mandato legal e o seu ámbito competencial, o Plan Autonómico de acción.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista eleva ao Pleno da Excm. Corporación Municipal, a seguinte

ACORDOS

- Instar á Xunta de Galicia a cumprir coa integración no sistema público de saúde da Unidade Asistencial CEDRO de Vigo.
- Instar á Xunta de Galicia a elaborar de forma urxente un novo Plan de Trastornos Aditivos actualizado, xa que o anterior caducou no ano 2016.
- Instar á Xunta de Galicia a convocar de forma inmediata as subvencións para Proxectos de Prevención de Condutas Aditivas para o exercicio 2025 e sucesivos, incrementando as contías e garantindo un financiamento estable ao Concello de Vigo."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

- Votos a favor: unanimidade dos vinte presentes (20); trece (13) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais catro (4) dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 50 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón e Martín Peña; e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Por unanimidade dos vinte (20) membros presentes da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

Aprobar a Moción presentada, en data 9.09.2025 (Rex. Nº 5094/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "Esixíndolle á Xunta de Galicia a volta ao sistema de gratuidade dos libros de texto", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Sendo as 12:44 horas ausentase do Salón de Pleno a concelleira a Sra. Martínez Piñeiro, concelleira pertencente ao grupo municipal do BNG. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de dezanove (19) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

13.- (138). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXÍNDOLLE Á XUNTA DE GALICIA A VOLTA AO SISTEMA DE GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO. EXPTE. 5095/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 9 de setembro de 2025, número 5095/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"En maio de 2002, nunha sesión especial da ONU en favor da Infancia, TOUKIR AHMED, de 16 anos, nacido en BANGLA DESH dixo: "Dádenos a nos, os vosos nenos, un bo presente. Nós, pola nosa banda, darémosvos un bo futuro".

O investimento nas persoas, e especialmente na infancia e na educación, terá (para ben ou para mal, dependendo das eleccións realizadas) un papel crítico na xeración dun novo modelo socioeconómico e condicionará o noso futuro como país no medio e longo prazo.

O investimento na cantidade e calidade da educación aparece como un dos mellores instrumentos de política dos que dispoñen os gobernos para xerar oportunidades para o progreso social, para o desenvolvemento económico e para mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 51 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

•Esixirlle á Xunta de Galicia a volta ao sistema de gratuidade dos libros de texto, que tiña implantado o goberno de Emilio Pérez Touriño e que Feijóo abandonou, para todo o alumnado en escolaridade obligatoria.

•Rexeitar os recortes de unidades e persoal docente nos centros educativos vigueses”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

•Votos a favor: quince votos (15), dos cales trece votos (13) corresponden aos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Espinosa Mangana, Fernández Pérez, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais dous votos (2) dos membros presentes do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•Votos en contra: catro votos (4), dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón e Martín Peña.

•Abstencións: ningunha.

ACORDO

Con quince votos (15) a favor, dos membros presentes dos grupos municipais do PSOE (13) e dous dos membros presentes do BNG (2), catro votos (4) en contra dos membros presentes do grupo municipal do PP, e ningunha abstención, o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 9.09.2025 (Rex. Nº 5095/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, *"Esixíndolle á Xunta de Galicia a volta ao sistema de gratuidade dos libros de texto"*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PORTE DE CONTROL

RESOLUCIÓNS.

14.- (139). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 17/07/25 E O 18/08/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE PLENO 5065/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/07/25 e o 18/08/25, incluídas no expediente 5065/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

15.- (140). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 17/07/25 E O 18/08/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE PLENO 5066/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2025 12:53

Páxina 52 de 58

5118-1101

CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 17/07/25 e o 18/08/25, incluídas no expediente 5066/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

16.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

16.1.- (141). Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Que se denomine o auditorio do Centro Cívico de Teis como "Auditorio Moncho Reboiras", no 50 aniversario do asasinato de Xosé Ramón Reboiras Noia, abatido pola policía franquista en Ferrol o 12 de agosto de 1975, en recoñecemento do compromiso patriótico e a súa loita incansábel pola liberdade e a xustiza social do pobo galego e do seu intenso activismo político e sindical na nosa cidade».

16.2.- (142). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Que o alcalde de cidade cumpra coa súa palabra e baixe o recibo do lixo asumindo o 40 % da suba que lle ten repercutido aos vigueses no recibo, logo de prometer que o faría si Sogama baixaba o canon imposto polo goberno do estado, cando xa o ten feito asumindo xunto coa Xunta o 60 % de ese aumento».

17.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

17.1.- (143). Pregunta formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «¿Cando vai o Goberno Municipal reforzar o servizo de bombeiros para cumprir co mínimo establecido de 20 efectivos en activo cada xornada ao efecto de garantir a capacidade operativa e de resposta e, por tanto, a seguridade na cidade?».

17.2.- (144). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «¿Cal é el motivo polo que, unha vez mais, a pesares das afirmacións manifestamente falsas deste goberno asegurando que responden en tempo e forma a todas nosas preguntas, aínda non teñan contestado por escrito nin as formuladas nas ultimas comisión informativas celebradas este pasado luns, e moito menos as formuladas anteriormente o mesmo que tampouco a moitas das formuladas en anteriores sesións plenarias como esta?».

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario agosto 2025
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Viernes, 12 de Septiembre de 2025 09:30:55
Fecha Fin : Viernes, 12 de Septiembre de 2025 13:09:46
Duración : 03:38:51

- HTML



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 53 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3591

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.9 GiB
Url -
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/J0b30ysnz7CFmqtYwEDyeNup5ijwmr3Jy0FtepbocBibrizu.wmv>
SHA512 - 57e7cfc8d9288f25b60d32261599e3a14b4befc8bd3837aa5a8efc7895f26ec2aa8f15cf1491f204e8ffce459cc7e1fa8bca92ae4fa7fa0991db2c7a00eced86

- Media (PROXYS)

(no disponible)

- Minutaje

00:00:00 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

00:00:28 - Caballero Álvarez, Abel

00:01:38 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 28 de xullo e extraordinaria do 11 de agosto de 2025.

00:01:50 : 2. Informes definitivos de control financeiro das actuacións incluídas no Plan Anual de Control Financeiro 2024 en aplicación do disposto no artigo 36 do Real Decreto 424/2017; dación de conta. Expediente 103044/140. (Expte. Pleno 5010/1101).3. Informe resumen dos resultados do control interno do Exercicio 2024; dación de conta. Expte. 103029/140. (Expte. Pleno 5085/1101).

00:02:07 - Aneiros Pereira, Jaime

00:07:16 - Caballero Álvarez, Abel

00:07:22 - Pérez Iglesias, Xabier

00:12:41 - Caballero Álvarez, Abel

00:12:45 - García González, Patricia

00:17:41 - Caballero Álvarez, Abel

00:17:51 - Aneiros Pereira, Jaime

00:20:53 - Caballero Álvarez, Abel

00:21:08 : 4. Modificación do proxecto de regulamento de organización e funcionamento da Mesa Xeral de Negociación Conxunta de persoal funcionario e laboral do Concello de Vigo. Expediente 1849/1102 (Expte. Pleno 5011/1101).

00:21:17 - Rodríguez Calviño, Patricia

00:21:22 - Caballero Álvarez, Abel

00:21:29 - Rodríguez Calviño, Patricia

00:22:35 - Caballero Álvarez, Abel

00:22:40 - Pérez Iglesias, Xabier

00:27:05 - Caballero Álvarez, Abel



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 54 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

00:27:09 - Martín Peña, José Miguel
00:27:20 - Caballero Álvarez, Abel
00:27:29 - Rodríguez Calviño, Patricia
00:30:21 - Caballero Álvarez, Abel
00:30:29 - Votación [10:01:21]

00:30:58 : 5. Solicitud de compatibilidade laboral de empregada municipal. Expediente 47163/220 (Expte. Pleno 5062/1101).
00:31:04 - Votación [10:01:55]

00:31:17 : 6. Determinación dos festivos locais no termo municipal de Vigo para o ano 2026. Expediente Pleno 5068/1101.
00:31:31 - López Font, Carlos
00:33:01 - Caballero Álvarez, Abel
00:33:08 - Pérez Iglesias, Xabier
00:33:18 - Pérez Iglesias, Xabier
00:33:58 - Caballero Álvarez, Abel
00:34:02 - Sanchez Mendez, Luisa María
00:35:05 - Caballero Álvarez, Abel
00:35:15 - López Font, Carlos
00:37:42 - Caballero Álvarez, Abel
00:37:51 - Votación [10:08:43]
00:38:22 - Minuto de silencio contra violencia machista
00:39:27 - Caballero Álvarez, Abel

00:39:42 : 7. Moción do grupo municipal do BNG sobre a vaga de lumes forestais que asolou Galiza no mes de agosto e as medidas necesarias para evitar que se repita esta catástrofe mediante unha política de prevención e unhaxestión integral do medio. Expte. 5089/1101.
00:39:52 - Pérez Iglesias, Xabier
00:44:53 - Caballero Álvarez, Abel
00:45:00 - Martín Peña, José Miguel
00:50:04 - Caballero Álvarez, Abel
00:50:08 - Espinosa Mangana, Elena
00:50:14 - Espinosa Mangana, Elena
00:55:12 - Caballero Álvarez, Abel
00:55:17 - Caballero Álvarez, Abel
00:55:24 - Pérez Iglesias, Xabier
00:56:07 - Caballero Álvarez, Abel
00:56:10 - Pérez Iglesias, Xabier
00:58:22 - Caballero Álvarez, Abel
01:05:45 - Votación [10:36:36]

01:06:43 : 8. Moción do grupo municipal do PP sobre a política aeroportuaria do goberno local e a decisión de Ryanair de abandonar Peinador. Expte. 5091/1101.
01:06:56 - Sanchez Mendez, Luisa María
01:09:04 - Caballero Álvarez, Abel
01:09:14 - Sanchez Mendez, Luisa María
01:09:22 - Caballero Álvarez, Abel
01:09:29 - Sanchez Mendez, Luisa María
01:09:37 - Caballero Álvarez, Abel
01:09:51 - Sanchez Mendez, Luisa María
01:12:40 - Caballero Álvarez, Abel
01:13:02 - Pérez Iglesias, Xabier
01:18:21 - Caballero Álvarez, Abel
01:18:34 - Aguiar Castro, Yolanda
01:23:38 - Caballero Álvarez, Abel
01:23:48 - Sanchez Mendez, Luisa María
01:26:52 - Caballero Álvarez, Abel
01:47:41 - Votación [11:18:32]

01:48:14 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando Xunta de Galicia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 55 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a que asigne a Vigo a parte proporcional dos Fondos Europeos segundo poboación e ao porcentaxe do PIB que xera a cidade. Expte. 5092/1101.
- 01:48:49 - Aneiros Pereira, Jaime
01:54:03 - Silva Rego, Carmen
01:54:11 - Pérez Iglesias, Xabier
01:59:13 - Silva Rego, Carmen
01:59:24 - García González, Patricia
02:04:22 - Silva Rego, Carmen
02:04:29 - Aneiros Pereira, Jaime
02:04:46 - Silva Rego, Carmen
02:05:17 - Aneiros Pereira, Jaime
02:08:01 - Silva Rego, Carmen
02:08:20 - Votación [11:39:11]
- 02:08:54 : 10. Moción do grupo municipal Socialista relacionada con Vigo como sede oficial para a celebración do exame MIR. Expte. 5093/1101.
- 02:09:13 - Espinosa Mangana, Elena
02:14:01 - Silva Rego, Carmen
02:14:08 - Pérez Iglesias, Xabier
02:19:08 - Silva Rego, Carmen
02:19:15 - Sanchez Mendez, Luisa María
02:24:16 - Silva Rego, Carmen
02:24:44 - Espinosa Mangana, Elena
02:27:49 - Silva Rego, Carmen
02:28:00 - Votación [11:58:51]
- 02:29:18 : 13. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a reforzar o servizo sanitario nas Illas Cíes durante a tempada alta e outros acordos complementarios. Expte. 5096/1101.
- 02:29:53 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
02:35:05 - Silva Rego, Carmen
02:35:11 - Pérez Iglesias, Xabier
02:40:15 - Silva Rego, Carmen
02:40:23 - Martín Peña, José Miguel
02:41:15 - Silva Rego, Carmen
02:41:27 - Martín Peña, José Miguel
02:44:46 - Silva Rego, Carmen
02:44:54 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
02:47:55 - Silva Rego, Carmen
02:48:06 - Silva Rego, Carmen
02:50:42 - Silva Rego, Carmen
02:50:49 - Votación [12:21:40]
- 02:51:18 : 11. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a cumprir coa integración no sistema público de Saúde da Unidade Asistencial CEDRO e outros acordos complementarios. Expte. 5094/1101.
- 02:51:49 - Aguiar Castro, Yolanda
02:56:54 - Silva Rego, Carmen
02:57:08 - Martínez Piñeiro, Ana
03:01:57 - Silva Rego, Carmen
03:02:04 - Gonzalez Abeijón, Fernando
03:06:44 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
03:07:01 - Aguiar Castro, Yolanda
03:09:58 - Silva Rego, Carmen
03:11:25 - Votación [12:42:17]
- 03:12:35 : 12. Moción do grupo municipal Socialista esixíndolle á Xunta de Galicia a volta ao sistema de gratuidade dos libros de texto. Expte. 5095/1101.
- 03:12:50 - Alonso Suarez, María Olga



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2025 12:53

Páxina 56 de 58

5118-1101

CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

03:17:53 - Silva Rego, Carmen
03:18:06 - Abalde Comesaña, Filipe
03:23:02 - Silva Rego, Carmen
03:23:18 - Benavides Alonso, Daniel
03:28:19 - Silva Rego, Carmen
03:28:24 - Benavides Alonso, Daniel
03:28:31 - Silva Rego, Carmen
03:28:39 - Alonso Suarez, María Olga
03:30:07 - Silva Rego, Carmen
03:30:12 - Alonso Suarez, María Olga
03:31:48 - Silva Rego, Carmen
03:32:00 - Silva Rego, Carmen
03:34:03 - Votación [13:04:55]

03:34:35 : 14. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/07/25 e o 18/08/25, incluídas no expediente Pleno 5065/1101.

03:34:49 : 15. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 17/07/25 e o 18/08/25, incluídas no expediente Pleno 5066/1101.

03:35:09 : 16. Formulación de rogos.
03:35:15 - Abalde Comesaña, Filipe
03:35:49 - Silva Rego, Carmen
03:35:54 - Martín Peña, José Miguel
03:36:18 - Silva Rego, Carmen

03:36:34 : 17. Formulación de preguntas.
03:36:39 - Abalde Comesaña, Filipe
03:36:59 - Silva Rego, Carmen
03:37:15 - Martín Peña, José Miguel
03:37:40 - Silva Rego, Carmen
03:38:30 - Silva Rego, Carmen

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás trece horas e dez minutos (13:10)redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 15/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
am.

A PRESIDENCIA
M^a Carmen Silva Rego
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 57 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 12:53	Páxina 58 de 58
5118-1101	CSV: A6AAD6-B9CF3D-A7C844-N7BMM6-2J5JNY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		